

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 19 DE MAIO

DE 2014

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día dezanove de maio de dous mil catorce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M^a Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, dona Elisa Pestonit Barreiros e dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M^a Olga Santos López, de EU; don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asiste, con escusa, dona M^a Victoria Amor Prieto, do BNG.

Asisten dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona Verónica M^a Otero López, secretaria accidental da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Proposta de aprobación de límite de gasto non financeiro do Concello de Cambre para o exercicio 2014

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo do día 9 de maio de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda do día 16 de maio de 2014.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vai manter o voto da comisión e vaise abster.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e o concelleiro do PGD integrante do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e o concelleiro de PdeC integrante do GM.

A Corporación, por oito votos a prol, acordou:

Aprobar o límite de gasto non financeiro para o Orzamento do Concello de Cambre para o exercicio 2014 por importe de 12.202.468,23 euros.

2º Proposta de aprobación dos Orzamentos xerais para o exercicio 2014

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo do día 7 de maio de 2014, que consta da seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Aprobar inicialmente o Orzamento xeral do Concello de Cambre para 2014, que ascende a un importe de 16.060.116,93 euros, co seguinte resumo por capítulos:

<u>CAPÍTULO INGRESOS</u>	TOTAL	<u>CAPÍTULO GASTOS</u>	TOTAL
OPERACIÓNS CORRENTES		OPERACIÓNS CORRENTES	
1 IMPOSTOS DIRECTOS	5.225.784,92	1 GASTOS DE PERSOAL	5.686.277,98
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	217.214,24	2 GTOS. BENS CTES. E SERV.	6.799.849,67
3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.964.454,87	3 GASTOS FINANCEIROS	170.500,00
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	6.421.750,82	4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.143.085,07
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	15.500,00		
Total Operacións Correntes	14.844.704,85	Total Operacións Correntes	13.799.712,72
OPERACIÓNS DE CAPITAL		OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6 ALLEAMEN. INVESTIMENTOS REAIS	0,00	6 INVESTIMENTOS REAIS	1.682.702,70
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	678.710,57	7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	41.000,00
8 ACTIVOS FINANCEIROS	8.212,16	8 ACTIVOS FINANCEIROS	8.212,16
9 PASIVOS FINANCEIROS	528.489,35	9 PASIVOS FINANCEIROS	528.489,35
Total Operacións de Capital	1.215.412,08	Total Operacións de Capital	2.260.404,21
TOTAL INGRESOS	16.060.116,93	TOTAL GASTOS	16.060.116,93

Segundo: Aprobar as bases de execución do orzamento para 2014.

Terceiro: Anular as seguintes modificacións de crédito efectuadas sobre o orzamento prorrogado, ao estar incluídas nos créditos e previsións iniciais do orzamento:

1.- Expediente de xeración de crédito número 1/2014, aprobado por resolución do concelleiro delegado da Área de Deportes, Xuventude e Voluntariado do 7 de abril de 2014. Importe: 95.947,89 euros na aplicación orzamentaria "2014//342.622 Investimentos en instalacións deportivas". Motivo: Subvencións concedidas pola AGADER para o financiamento dos seguintes proxectos de aforro enerxético e fomento do uso das enerxías renovables promovidos polo Concello de Cambre, "Instalación solar térmica para AQS e piscina na piscina municipal" e "Instalación solar térmica para produción de AQS na cuberta dos vestiarios do campo de fútbol".

2.- Expediente de transferencia de crédito número 1/2014, aprobado por resolución do concelleiro delegado da Área de Deportes Xuventude e Voluntariado do 7 de abril de 2014. Importe: 33.000,00 euros. Motivo: Habilitar crédito suficiente na aplicación "2014/342.622 Investimentos en instalacións deportivas", para os proxectos

“Instalación solar térmica para AQS e piscina na piscina municipal” e “Instalación solar térmica para produción de AQS na cuberta dos vestiarios do campo de fútbol”, financiados en parte pola AGADER.

Cuarto: Expoñer ao público o anuncio de aprobación inicial por prazo de quince días hábiles mediante anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de edictos do concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións ante o Pleno, que consideren oportunas.

No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o Orzamento xeral do Concello de Cambre para o 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda do día 16 de maio de 2014.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que se presentan hoxe no pleno, para o seu debate e aprobación, os orzamentos municipais do Concello de Cambre para o ano 2014. Estes orzamentos teñen un importe de 16.060.116 euros, tanto no estado de ingresos como no de gastos, e a súa principal liña ten por obxecto dar cobertura á actual situación económica e social que está afectando aos veciños do municipio, así como facer fronte ás principais necesidades de investimento en equipamentos e infraestruturas municipais, que contribuirán a mellorar a calidade de vida dos cambreses.

Incrementábase o orzamento municipal para o exercicio 2014 nun 6%, é dicir, nun millón de euros. O incremento dos recursos municipais destinados aos servizos sociais e ao emprego foi a primeira preocupación do grupo de goberno á hora de preparar o documento, pois son estas situacións de desprotección as que precisan unha resposta inmediata e urxente. Reflexo diso é o considerable aumento para o ano 2014 das partidas destinadas a emerxencia social, que aumentan nun 66%, e xa tiña sido reforzado no 2013 o servizo de axuda a domicilio para atender ás prestacións da Lei de dependencia da Xunta de Galicia e ás altas tramitadas dende os Servizos Sociais municipais.

Recóllense, así mesmo, as axudas para o servizo de transporte adaptado para os discapacitados que xa se benefician do servizo do 065 autonómico. O programa xantar na casa, que vén desenvolvendo o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar a través do convenio de colaboración co Concello de Cambre. Continúa o compromiso deste concello no campo da asistencia ás persoas dependentes a través das subvencións nominativas a prol de ARELA, A.P.E.M. ou ASPACE, e a través da posta en marcha dunha amplitude de accións dirixidas á terceira idade e aos discapacitados.

Na área de emprego incrementábase nun 33% as partidas destinadas a programas para a atención daqueles veciños que se atopan en paro, en concreto, aumenta a dotación para o plan municipal de formación, créase unha nova partida para a realización dun taller de emprego en novas tecnoloxías, continúa o apoio ao emprendemento e á creación de empresas a través do programa Cambre Emprende 2014, e créase unha nova liña de axudas á contratación por un importe de 120000 euros.

Seguen apostando polo impulso e a promoción do comercio local, aumentando a súa dotación nun 23%, o que lles permitirá continuar cos programas habituais e impulsar a creación dun centro comercial aberto en Cambre.

O orzamento municipal para o ano 2014 garante a continuidade de todos e cada un dos programas, actividades e servizos no ámbito da cultura, educación, deportes e xuventude. Programas como o Mañanceiro, dirixido ás familias para conciliar a súa vida familiar e laboral, ou o resto de programas, como as actividades extraescolares, organizadas polo concello tamén en períodos vacacionais. As destinadas á terceira idade, as deportivas, de animación á lectura nas bibliotecas municipais, as actividades sociais e todas aquelas dirixidas a nenos e mozos do concello, proporcionándolles alternativas saudables no seu tempo de ocio. Todas estas, entre outras que se veñen desenvolvendo con grande éxito e que contan con asignacións económicas para a súa continuidade.

Tamén se destinan os recursos necesarios para a mellora das instalacións deportivas municipais. As axudas aos deportistas de elite e as subvencións deportivas nominativas, como a que se articula a prol do Club ciclista Cambre e outras entidades deportivas, isto porque cren no deporte como un valor e como actividade saudable para todas as idades, que se debe protexer e fomentar.

O mesmo cabe dicir respecto do apoio que se presta ás distintas entidades veciñais e culturais, como á Escola de Baile e Música Sementeira. O apoio ás familias con fillos en idade escolar a través non só das actividades que se programan dende Educación, senón tamén a través das axudas de custo para gastos de material escolar, libros de texto e uniformes escolares.

A cultura ocupa, así mesmo, un lugar importante no orzamento do 2014, que dota á Casa da Cultura dunha nova orzamentación económica para que ese edificio poida albergar unha ampla oferta de actividades e programas culturais, todos eles para os veciños, e para que as bibliotecas municipais poidan continuar co seu labor de achegar a cultura a todos os cidadáns.

Polo que respecta aos investimentos, aumentan nun 33% neste ano 2014. Prevese a realización dunha serie de obras, instalacións e melloras que contribuirán, sen dúbida, á modernización, mellora e revalorización das infraestruturas e bens inmobles, a que aumente a calidade de vida dos cambreses e a que moitas actividades se desenvolvan en condicións óptimas.

En concreto prevese dentro do capítulo de investimentos a implantación dun aparcadoiro e a mellora estética do núcleo de Cambre, equipamento e mobiliario urbano, acondicionamento de camiños, rede de pluviais no polígono industrial do Temple e abastecemento na Pega e Apartada. Mellora de redes e servizos en Sigrás de Abaixo, Peiraio, A Torre e outros, isto serían as obras do POS e outros investimentos en saneamento e abastecemento. Acondicionamento do cemiterio municipal, obras de mellora do centro de formación municipal, investimentos en imprevistos para edificios de educación, adecuación da Casa da Arrigada, mobiliario e equipamento en centros socioculturais, obras de acondicionamento do anfiteatro do

parque da Igrexa de Cambre, instalación solar térmica para AQS piscina municipal da Barcala e instalación solar térmica para AQS vestiarios do campo de fútbol de Lendoiro.

Di que se prevé, ademais, a reforma e reparación da piscina municipal da Barcala. Investimentos en instalacións deportivas, mobiliario e equipamento para instalacións deportivas. Mobiliario e equipamento para dependencias municipais e investimentos en equipos informáticos. En total a contía dos investimentos este ano ascende a case 1700000 euros.

Conclúe dicindo que o Goberno municipal elaborou este orzamento tendo unicamente en conta cales son as necesidades reais dos nosos veciños. Non teñen ningún reparo en afirmar que este é o mellor orzamento para Cambre. É o orzamento que hai que executar, para que Cambre se siga desenvolvendo, para que Cambre poida dispoñer dos servizos e investimentos que os veciños demandan e que os veciños merecen.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o Sr. alcalde, durante o pleno dos orzamentos do pasado ano, durante os días posteriores e incluso na cuestión de confianza á que decidiu someterse e perdeu, repetía que non lle gustaba traballar cuns orzamentos prorrogados. Hoxe o que lles di é que non ten présa en sacar adiante os seus orzamentos e, por iso, para entreter á oposición e sen previo diálogo, os somete a debate en medio dunha campaña electoral.

Pregunta como entender iso se non é dende o trileirismo político que o Sr. alcalde e o seu Goberno veñen practicando dende o comezo desta lexislatura. Ese é o seu teito político, directamente o chan.

Nunha primeira aproximación ao documento de orzamentos conclúen, en primeiro lugar, que non cumpre coa regra de gasto, polo que parte cun informe de desconformidade da Intervención municipal. En segundo lugar, numerosas partidas incorpóranse aos orzamentos cunha dotación de 0 euros. En terceiro lugar, un tema puntual como é a seguridade viaria, un investimento en Cela, Meixigo, San Lourenzo e A Rocha está orzamentada a 0 euros. En cuarto lugar, destínanse 10000 euros para o saneamento nas parroquias de Andeiro e Santa M^a de Vigo, ou sexa, non chega nin para poñer unha arqueta.

Pero di que vai falar de capítulos concretos dos orzamentos. Se falan de fomento de emprego, teñen que se destinan 145000 euros para uns talleres de emprego para novas tecnoloxías e para axudas á contratación. Tendo en conta os nulos resultados das medidas que nos dous últimos exercicios teñen adoptado sobre este importantísimo tema, moito se temen que estas novas medidas están avocadas, unha vez máis, ao fracaso.

A situación desesperada de tantas e tantas familias de Cambre obrigaría a dar un xiro radical en materia de emprego, en materia de fomento do emprego municipal. Dille ao Sr. alcalde que un só xesto del serviría para sentar a todos os grupos políticos presentes nesta Corporación, co fin de abordar un necesario pacto en materia de emprego. Ten o absoluto convencemento de que todos, máis aló das súas posicións

políticas, traballarían para que iso fora posible, claro que para iso fai falta vontade política por parte do Sr. alcalde.

En canto ás axudas de emerxencia social, propónse un incremento da partida, dos 75000 euros en 2013 a 125000 no 2014. Di que a xestión desta partida é un claro exemplo máis de incompetencia e falta de compromiso cos cidadáns. Hai que dicir que a 31 de decembro do 2013 tíñanse executado desa partida 73061 euros, pregunta, entón, por que subir a partida para o 2014 se parece que a do 2013 chegou no seu importe. Iso é porque é unha mentira flagrante, non foi suficiente. Cando chegaron ao límite de gasto comprometido, iso é aos 75000 euros, deixaron de recoñecer prestacións aos beneficiarios, con iso tan deles de “non hai diñeiro”. Esa é a realidade. A demanda de prestacións polos veciños sería moi superior ao recollido nos orzamentos, por iso este ano practicamente a duplican. Di que, aínda así, resultará insuficiente.

Pregunta onde quedaron os compromisos do Goberno de corrixir a partida de emerxencia social, incrementándoa segundo as demandas que foran xurdindo. Pregunta tamén como van estar de acordo coa partida que teñen previsto dedicar a emerxencia social cando os socialistas de Cambre xa propuxeron nos orzamentos do pasado ano unha cantidade superior.

Vaillo dicir alto e claro, para que o Sr. alcalde o entenda dunha vez. Os veciños de Cambre piden axuda, non piden esmola. Piden axuda porque a necesitan, e a administración municipal está na obriga de dárllela. Por iso o seu grupo pide que dupliquen a partida de axudas de emerxencia social que aparece no documento de orzamentos que están discutindo.

Noutra orde de cousas, baixan as partidas destinadas a servizos como o de axuda a domicilio, o comedor sobre rodas ou o programa Mañanceiro, produto isto dunha economía na licitación deses servizos, sen que iso vaia repercutir nos usuarios beneficiarios dos ditos servizos que, por certo, tamén pagan polos servizos que reciben.

Pregunta onde está a partida para atender ao copago farmacéutico hospitalario, comprometida a través dunha moción presentada polos socialistas de Cambre e aprobada polo pleno municipal, para que fora o Concello de Cambre, e non directamente os enfermos crónicos do municipio os que a soportasen das súas economías.

Rebáixase de 15000 a 3500 euros o convenio co Centro ocupacional A Escada, que atende a persoas con discapacidade do municipio. É ridícula a partida contemplada no convenio con outras entidades que traballan a prol da integración laboral e social de persoas con discapacidade, como a Asociación Arela, por exemplo, que tan admirable traballo vén realizando.

En canto ao mantemento de instalacións deportivas, se rebaixan a partida destinada a ese concepto de 70000 a 60000 euros, pregunta onde está a partida para dar cumprimento ao compromiso derivado do convenio de colaboración suscrito co club de fútbol Brexo Lema. É certo que a última hora desta mañá lles comunicaron que

neses 60000 euros vai estar incluído o importe dos 15 ou 20000 euros destinados a cubrir o mantemento do campo de fútbol do Brexo Lema, pero entón quedarán 40000 ou 45000 euros para o resto de mantemento das instalacións deportivas municipais. O grupo socialista entende que ese importe é absolutamente insuficiente.

Tamén pregunta por que non se teñen licitado os servizos de mantemento de zonas verdes e subministración de auga, que suporían unha economía para as arcas municipais.

Non se tocou a partida económica destinada á universalización do servizo de comedores escolares. Dende o Goberno municipal sempre os teñen acusado de crear un problema onde non o hai nesta materia. Dille ao Sr. alcalde que debería avergonzalo este dato, máis de 80 peticións de axuda de emerxencia social para comedores escolares se teñen tramitado ao longo deste curso escolar que aínda non rematou.

Pídelle ao Sr. alcalde, por decencia política, que a partida de universalización do servizo de comedores escolares a inclúa na partida de emerxencia social, xa que o PP só concibe os Servizos Sociais dende a beneficencia, e iso tendo en conta que manifestamente non teñen intención de instaurar o servizo de universalización dos comedores escolares.

Unha anécdota. A partida que o Goberno propón para bolsas de estudo, máis a partida destinada a bolsas para deportistas, é igual ao gasto que consignan no documento orzamentario para destinalo a propaganda. Pretenden gastar máis en autobombo e propaganda que en bolsas para educación e deportes dos escolares e deportistas do municipio.

Falando dos ingresos que se prevén no documento orzamentario, pregúntalle ao Sr. alcalde se ten estudado en profundidade o documento de orzamentos. Se é así pide que lle diga cal é a partida que máis se incrementa no capítulo de ingresos. Dillo el mesmo, a recadación por multas de tráfico. No 2012 orzamentáronse 35000 euros por ese concepto, no 2013 foron 50000, e para o 2014 prevén recadar 85000. Pero el dilles que iso é falso, que lle digan aos veciños o que realmente recadaron no 2013, foron 105000 euros máis do que de forma vergonzosa fixan para o 2014. Pídelle ao Sr. alcalde que deixe de perseguir e sancionar aos veciños de Cambre.

Pide tamén que falen das relacións económico-financeiras do concello coa Xunta de Galicia, en concreto das transferencias de capital, as transferencias destinadas a investimentos. Di que non se prevé que Cambre ingrese, un ano máis, nin un só euro por este concepto de transferencias da Xunta de Galicia, nin como transferencias directas, nin por ter subscrito convenio ningún entre ambas administracións. Este feito demostra a incapacidade do Goberno municipal, en especial do Sr. alcalde, de acadar acordos co Goberno autonómico que redunden na ampliación e mellora das infraestruturas e servizos municipais.

Di que lamentan a nula influencia do alcalde ante a Xunta de Galicia á hora de defender os intereses dos seus veciños. Pero o que resulta máis sangrante deste feito non é só que a Xunta non lles dea nada, senón que o concello lle transfira a ela cada

trimestre ao redor de 100000 euros polo concepto de canon da auga. Dende o terceiro trimestre do 2012 ao primeiro trimestre do 2014 Cambre ten enviado para Santiago e para a Xunta 680000 euros que non teñen retornado de ningunha maneira.

Resulta increíble que a administración máis débil financie á máis poderosa, á Xunta de Galicia, e o peor, que o Sr. alcalde permaneza cos brazos cruzados ante esta afronta do Goberno Feijoo aos cambreses.

Continúa dicindo que os socialistas de Cambre teñen promovido iniciativas que teñen contado co respaldo maioritario dos diferentes grupos que conforman a Corporación municipal, e que non teñen reflexo nestes orzamentos. Iniciativas conxuntamente con outros partidos, mocións conxuntas, rogos conxuntos, declaracións institucionais, Os socialistas de Cambre, coas súas achegas, teñen mellorado iniciativas presentadas polo Goberno municipal. Ao longo da presente lexislatura e especialmente ao longo deste último ano, os socialistas de Cambre teñen dado sobradas mostras de fomentar consensos e de chegar a acordos, ás veces adoptando decisións que non teñen sido entendidas por algúns grupos desta Corporación.

Este grupo, do que a el lle honra ser voceiro, apoiou iniciativas do Goberno e da oposición, teñen sido capaces de entenderse con uns e con outros, porque teñen traballado antepoñendo o interese xeral, apartando as siglas cando era necesario, achegando os principios, valores e o compromiso político dos socialistas de Cambre ao servizo das demandas e necesidades de todos os veciños, porque o que viven tantas e tantas familias de Cambre é unha verdadeira situación de emerxencia familiar, de emerxencia social.

Dille ao Sr. alcalde que as iniciativas que ao longo da lexislatura teñen presentado os socialistas de Cambre a modo de mocións, rogos e preguntas, non son ocorrencias, responden ás demandas e necesidades que fan os veciños. Na medida en que o alcalde e o seu Goberno non as atenden e, en consecuencia, non as envorcaron nos orzamentos, os desprezan, desprezan aos veciños.

Pola contra, non souberon e non quixeron entenderse con ninguén. Non aplican nin executan os acordos que adopta esta Corporación. O Sr. alcalde non escoita, ou peor, non quere escoitar. Nin o seu Goberno, nin tan sequera o Sr. alcalde, están por riba das decisións que se adoptan por maioría por parte da Corporación, veñan de quen veñan. O seu Goberno non está por riba dos acordos plenarios. O Sr. alcalde non está por riba da Corporación. O Sr. alcalde ten unha visión absolutista de Cambre, pero Cambre non é o Sr. alcalde.

A estas alturas de lexislatura os socialistas de Cambre pregúntanse de que serve promover iniciativas, realizar propostas, se o Sr. alcalde e o seu Goberno sistematicamente se as pasan polo forro, dito vulgarmente. Os orzamentos municipais son moito máis que un documento contable. O orzamento municipal é unha ferramenta ao servizo dos veciños, ten que reflectir o compromiso político do Goberno cos cidadáns, e ese compromiso non se ve por ningún lado no documento presentado.

Aos membros do Goberno municipal encántalles falar da herdanza recibida, e despois de tres anos de lexislatura dilles que vaia a que están deixando eles. Están deixando

un ermo. Esta, que debería ter sido a lexislatura das familias, porque dramática é a súa situación laboral, económica e social, o Sr. alcalde e o seu Goberno a teñen convertido nunha lexislatura perdida. Esa é a pegada que deixa este Goberno carente de toda sensibilidade social fronte aos problemas, demandas e necesidades dos veciños. O Sr. alcalde é capaz de impoñer unha multa de tráfico, como así ten ocorrido, a un veciño que ía solicitar unha axuda de emerxencia social. Ese é o Sr. alcalde.

Continúa dicindo que se falan do novo centro de saúde do Temple, nin está, nin se lle agarda, circunstancia esta que se agrava dende o momento en que dende o centro de saúde de Cambre o punto de atención continuada xa atende a unha poboación de máis de 30000 habitantes, o que obrigaría a unha maior dotación de medios materiais e á disposición de máis recursos humanos, médicos e enfermeiras para atender a unha poboación crecente. Iso o Sr. alcalde sábeo, e a Xunta tamén, pero para que a Xunta faga algo o Sr. alcalde ten que pedirillo, algo ao que, por suposto, non está disposto. Non molestar á Xunta de Galicia reza no manual do bo alcalde do Partido Popular.

Pídelle ao Sr. alcalde que repita como un mantra que retumbe ata que remova a súa conciencia e a do seu Goberno, 2400 veciños sen traballo e máis de 700 familias de Cambre con todos os seus membros no paro. Mentres tanto, o Sr. alcalde insensible, indolente, indiferente.

Dille ao Sr. alcalde que a súa actitude e a do seu Goberno resulta repugnante, intoxicando a actividade desta Corporación con ruindades, mentiras e cortiñas de fume que proxectan aos cidadáns a través dos medios de comunicación. A través deses medios dan dúas opcións aos grupos da oposición, tragar con estes orzamentos, ou aprobar os orzamentos eles sós na Xunta de Goberno, un abuso.

Dille ao Sr. alcalde que se non é capaz de sacar adiante os orzamentos, por decencia política debería irse. Se non é capaz de sacar adiante estes orzamentos, pídelle que non se someta a unha cuestión de confianza, pola parte do grupo socialista xa a perdeu hai moito tempo.

Para concluír, di que os socialistas de Cambre maniféstanlle ao Sr. alcalde hoxe e neste pleno, que non van apoiar o documento orzamentario que poñen a súa disposición.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o grupo do PP criticou sempre, dende que el recorda e dende que vén aos plenos, que se traían os orzamentos tarde, mal e arrastro. Dicían iso durante moitos e moitos anos, e agora son eles os que os traen en maio, cando deberían telos traído antes do final do ano 2013.

Como o ano pasado, dilles que nas partidas atópanse gastos que non corresponde acometer a este concello, pero que non sabe por que se empeñan en traelos. Por exemplo, a subvención á Cruz Vermella, con 25000 euros, está incumprindo o acordo do 2012, onde se especificou que a reforma do local sería acometida pola Cruz Vermella Española, unha vez que se tivera asinado o convenio.

Respecto da achega de 10000 euros ao transporte adaptado volven dicir e le textualmente o que dixeron no 2013, que é unha competencia da Xunta de Galicia.

Seguen polo mesmo camiño, facer o que lles ven en gana sen ningún tipo de consenso. No ano 2011, o concelleiro de Réxime Interior comentaba en 'El Ideal Galego', na prensa, que os custos telefónicos superaban os 120000 euros, un custo elevado que o Goberno pensaba rebaixar nun 30% como mínimo, sacando a contratación un novo servizo de tarifas de datos, o que suporía unha redución de máis de 40000 euros/anuais. Tres anos despois, este servizo está sen contratar e segue a presupostarse nos 120000 euros.

Continúa dicindo que xa que falan de contratación, falan de xestión, e pregúntalle ao Sr. alcalde se lembra cando o seu equipo de goberno criticaba sistematicamente ter en precario os servizos. Pois agora o Sr. alcalde ten sen contrato, tal e como se lles comunicou dende Contratación, o mantemento eléctrico, o servizo de auga, o de xardíns ou o xa comentado de telecomunicacións, o que supón un importe aproximado de 2,7 millóns de euros. Esa é a forma de facer xestión que ten o Sr. alcalde.

Trae un orzamento cun informe desfavorable de Intervención, e di na prensa que ten que endebedarse porque non vai deixar aos veciños sen servizo. Pídelle que diga a verdade, que diga que despois de tres anos non ten sido capaz de xestionar os recursos dos veciños de Cambre. Probablemente o diñeiro que o Sr. alcalde di que vai necesitar o obtería facendo xestión con eses contratos.

Pregúntalle que pasou co Plan Xeral, que pasou coa Vía Ártabra, que vai pasar co DTC que aprobaron o xoves. Son recursos dos veciños de Cambre que o seu grupo entende que van utilizar para pagar favores, non saben se aos seus compañeiros políticos da Deputación ou da Xunta, pero é diñeiro dos veciños de Cambre que van utilizar para pagar obras doutras administracións.

Di que o grupo de UxC, no pleno do 2012, solicitou ao Goberno municipal unha rebaixa nos gastos de goberno do 25%. Fundamentábase, como o fan agora neste momento, en que para eles o Goberno municipal non fixera nin o traballo nin a xestión necesaria para percibir as cantidades que están cobrando. Volveron a pedilo no pleno dos orzamentos do 2013, e di que o volven pedir agora. Pregunta ao Sr. alcalde se el cre sinceramente que se merecen o que están cobrando, porque UxC cre que non.

Conclúe dicindo que, por todo o exposto, o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que este venres pasado, na celebración da comisión informativa previa a este pleno, a Sra. Vázquez Golpe comezou a súa intervención, e así o reflectirá a acta da comisión informativa, indicando que estes orzamentos eran practicamente iguais que os do ano pasado, agás por pequenas diferenzas. Esa inocente declaración, que a priori non debería ter demasiada importancia, é unha manifestación fundamental que reflicte claramente como traballa este equipo de goberno.

Pregunta como pode ser que unha concelleira de Economía e Facenda que o ano pasado, cuns orzamentos que xa eran copia dos do ano anterior, conseguiu que case toda a oposición votara en contra deles, o que levou ao sometemento do Sr. alcalde a unha cuestión de confianza, que perdeu, e a unha posterior aprobación automática dos orzamentos, pregunta como unha concelleira que se digne, e vendo que os orzamentos non eran compartidos pola maioría dos membros da Corporación, se atreve a traer de novo os mesmos orzamentos, segundo as súas propias palabras.

Di que é moi fácil a resposta, atrévese porque lle dá exactamente o mesmo o que pensen os veciños, o que pensen os concelleiros da oposición, ou quen sexa que estude estes orzamentos. E non só iso, senón que ademais de traer practicamente os mesmos orzamentos, os trae practicamente tamén no mes de xuño. Di que isto non é que lle dea o mesmo a opinión dos veciños e representantes destes, é que lle dá a risa calquera cousa que teña que ver con cumprir cos prazos ou coa legalidade. É que lle dá a risa saber que un documento que ten que aprobarse antes do 31 de decembro do ano pasado, estase a presentar case seis meses máis tarde. É que lle falta ao respecto a todos e cada un dos veciños e veciñas deste concello, cando un dos documentos máis importantes que se elaboran en todos os concellos ano a ano, que é o que recolle onde se van investir os cartos dos veciños e que ten que estar a disposición destes para que cada un deles saiba onde van os seus impostos, se presente a metade de ano. Pero di que como neste país non dimite ninguén, faga o que faga, a Sra. concelleira ten a desvergonza de dicir que os orzamentos son iguais que os do ano pasado e, aínda así, os trae seis meses máis tarde.

Dille á concelleira do PP que se fora un pouquiño, só un pouquiño respectuosa cos veciños, non di coa oposición, que xa saben que non o é, senón cos veciños, se ía traer este ano os mesmos orzamentos que o ano pasado, agás pequenas variacións como ela dicía, ben podía telos traído no mes de xaneiro, e así polo menos podían pensar que non se estaba a rir de todos os cambreses a mandíbula batente. Tería quedado moito mellor.

Pregúntalle que pensaba ela que lle ían dicir este ano con estes orzamentos, con este documento na man, porque ela mesma non é capaz de pensar que alguén que se senta no lugar da concelleira, e que afronta unha concellería tan importante como é a súa, non se pare a analizar as consecuencias do seu traballo, se a iso se lle pode chamar traballo.

Continúa dicindo que van ir por partes. Na memoria dos orzamentos afírmanse aspectos tales como a continuidade no incremento dos recursos municipais destinados aos servizos sociais e á promoción social, ou o incremento das axudas de emerxencia social para, entre comiñas, facer fronte ao cada vez maior número de situacións de desprotección que precisan dunha resposta inmediata e urxente.

A ese respecto quere dicir varias cousas. Primeiro, é certo que as axudas de emerxencia social se incrementan 50000 euros con respecto do orzamento do ano anterior. Facendo referencia outra vez ás comisións informativas, preguntáballe nelas se os 125000 euros orzamentados eran só para o que queda de ano, e a resposta era que non, que se orzamentaba para o ano completo. Dille que se dividen 125000 euros entre un ano completo, que son 12 meses, dá un gasto en emerxencia social de 10400

euros/mensuais, que é o que inviste o Concello de Cambre, previsiblemente, no ano 2014. Se collen a acta do pleno do ano pasado, ante esta mesma pregunta a concelleira dixo que os 75000 euros que se orzamentaban o ano pasado estaban calculados para 8 meses, pode dicirlle a páxina onde facía esa afirmación, de xeito que se fan a conta falan de 75000 euros entre 8 meses, o que son 9400 euros/mensuais. Hai 1000 euros de diferenza.

Tamén, segundo este cálculo que fan, unicamente extrapolando as palabras da Sra. concelleira, poden deducir varias cousas. Primeiro, que non se decatán absolutamente de nada e non saben, a concelleira concretamente, se orzamentan para medio ano, para un ano, ou para ano e medio. Iso é moi grave se teñen en conta que falan coa máxima responsable política dos orzamentos do Concello de Cambre, e que polas súas mans pasan os cartos dos veciños. Que ela non coñeza dos orzamentos é tan grave como que un cirurxián se desmaie co sangue.

Poden tamén pensar que os están tomando por parvos, non aos concelleiros, insiste, que xa saben que o fan, senón aos veciños, que algúns tamén xa o saben. Iso aínda é máis grave que o anterior, porque tomarlle o pelo ás persoas que os puxeron onde están é dunha baixeza política insuperable.

Tamén poden deducir que de cara ás vindeiras eleccións europeas, e tamén ás municipais, que falta un ano, vendan noticias falsas ou falseadas, que é algo que saben facer moi ben, porque segundo estas contas, e citando as palabras da Sra. concelleira de que este ano se orzamenta por 12 meses, o ano pasado se orzamentaba por 8, entón non subiron 50000 euros, senón que subiron 12000, escasos. É dicir, que a cuarta parte do que din é certo, pero o 75% do que lles contan é mentira.

Por certo, di que a emerxencia social non teñen que esquecer que é unha indiscutible consecuencia das políticas de recorte e asfixia ás que os veñen sometendo eles mesmos, o Sr. Feijoo, o Sr. Rajoy. Pídelles que non sigan indo de solidarios coas persoas deste concello que necesitan desas axudas, porque eles mesmos son os responsables de que se atopen nesa situación. A dereita sempre fixo un moi bo uso da caridade cristiá, darlle unha moeda ao pobre que está na porta da igrexa e dotar de axudas aos desfavorecidos. Pero di que non, que eles non queren iso, e pídelles que falen cos seus xefes para que os saquen desa situación na que eles mesmos os meteron. Pide que non lles vendan axudas salvadoras e menos aínda non lles falseen os datos, que poden ser pobres pero non necesariamente estúpidos.

Continúa dicindo que outro punto da memoria, que salientan ante a prensa a voz en grito, é o incremento dos recursos destinados ao fomento do emprego, e vaille dar datos. Pregunta se sabe que neste orzamento destínase máis a pagar débeda, ou a órganos de Goberno, que a fomento de emprego. Pregunta se sabe que se destina cinco veces máis a deporte e cultura que a fomento do emprego. Que esta medida estrela da liña de axudas á contratación e emprendemento, de 120000 euros, ten a mesma dotación que o que se destina a festexos populares. E neste punto tamén quere facerlle mención ás súas propias palabras no pleno do ano pasado, cando se lle preguntou sobre a redución que o ano pasado se fixera para festas, e a concelleira dicía, moi altiva, literalmente, que o gasto en festas claro que diminuía, que estaría bo

que non o fixera coa que estaba caendo. Pois vese que a que está caendo agora para o Goberno municipal non debe ser tan grande, xa que volven incrementar o gasto en festas. Claro, como sae Mariano dicindo que hai menos paro, van celebralo.

Por todo isto, pide que non vendan o compromiso do Partido Popular de Cambre e dos seus orzamentos co emprego. Di que un compromiso certo sería destinar unha cantidade realmente importante ao maior problema que teñen neste concello, sacando de onde houbera que sacar, minorando o que houbera que minorar, porque non lles poden dicir que se prioriza cando se destina cinco veces máis a deporte e a festas que a fomento de emprego, e non será Esquerda Unida de Cambre, non será Esquerda Unida en xeral quen diga que o deporte ou as festas non son importantes, pero nun momento no que teñen tantos parados de longa duración, non teñen ganas nin de facer deporte nin de bailar coa Panorama, teñen ganas de que os que os gobernan fagan algo para sacalos desta situación, pero algo real, non medidas que só busquen votos.

Continúa dicindo, xa só como comentario, que na páxina 8 da memoria, e neste caso como pregunta directa ao Sr. alcalde, indícase que se orzamenta un investimento para a adecuación da Casa da Arrigada para o seu uso como biblioteca municipal. Di que non sabe se o Sr. alcalde non lembra que teñen unha moción presentada polo grupo municipal de EU, e aprobada neste pleno, para a adecuación da Casa da Arrigada e o seu destino a aula da natureza e centro de interpretación do río Mero. É unha moción aprobada e o Goberno xa indica nos orzamentos que van destinar ese edificio a biblioteca.

Pregúntase se poden ser máis infractores do que é este equipo de goberno. Pregunta que pasa coas mocións que están aprobadas nesta Corporación, mellor dito, por onde as pasan, e pregunta quen se cren que son para pasar por riba, unha e outra vez, do pleno desta Corporación.

Non só iso, senón que no propio debate producido polo uso da Casa da Arrigada, cando presentaron esa moción e o equipo de goberno votou en contra, foi co argumento de que non podían estar de acordo con destinar esa casa a aula da natureza e centro de interpretación do río Mero, porque querían buscar subvencións e non podían asegurar que para ese destino lles concederan. Ese era un argumento, agora atópanse na documentación que orzamentan 90000 euros para Casa da Arrigada, que non parten de subvención ningunha, senón que se inclúen dentro do préstamo dos 528000 euros que solicitan. Sendo financiamento propio deberíase dar o uso aprobado lexitimamente nunha moción por este Pleno, pero pasan de todo, esváranlles as mocións, non teñen subvención pero inclúen o asunto nun préstamo e danlle o uso que lles dá a gana, total os pringados da oposición non se decatan de nada, e se se decatan mandan unha nota á prensa e arreando.

Di que esta pregunta tamén vai para o Sr. alcalde. Con este van tres anos seguidos que ela mesma lle fai a mesma pregunta xa apuntada polo compañeiro de UxC, e que o Sr. alcalde segue sen contestar, e elude, nin afirmativa nin positivamente. Pregúntalle como pode ser que na campaña das municipais dixera que 120000 euros en teléfono era dilapidar, utilizou ese termo, o diñeiro dos veciños e sexa esa mesma cantidade a que ano tras ano seguen orzamentando. Por certo, dille á Sra. Vázquez

Golpe que gastan o mesmo en teléfono que na famosa liña de axudas á contratación.

Por último, di que para rematar e o máis importante, o informe de Intervención. O informe de Intervención é un informe demoledor, por iso tamén insiste no que dicía antes, dálles igual todo. A ela persoalmente non se lle ocorrería presentarse cuns orzamentos dos que a Intervención municipal informa desfavorablemente en aspectos tan importantes e tan esenciais como que non se contemplen os efectos económicos que terá a posta en funcionamento da nave de Protección Civil, que se descoñeza a cantidade consignada para o pago da Edar Bens, ou que se considere insuficiente a consignación de crédito para o pago ao Consorcio Galego de Igualdade para a xestión da escola infantil de Cambre.

Di que a propia Intervención indica, de xeito técnico, o que para o Goberno debería estar claro utilizando o sentido común, que se gasta de máis en actividades culturais, deportivas e festas, tendo en conta a situación económica na que se atopan. A propia Intervención llo di, non é ela quen o fai.

Dille á concelleira popular que hai que ser moi valente, de verdade, e dillo con total sinceridade, tanto á Sra. concelleira como ao Sr. alcalde. Dillo aos dous, hai que ser moi valentes para presentarse con estes orzamentos, calco dos do ano pasado, dos do anterior e así sucesivamente, ou mellor dito, os primeiros non, porque era culpa de que lles viñan herdados, pero no momento no que se lles acabou a escusa calcan os orzamentos, ano tras ano, iso sabendo o que pasou nesta Corporación o ano pasado, que non foron apoiados polos grupos da oposición, que perderon unha cuestión de confianza e que, por riba, están informados desfavorablemente pola Intervención.

E ademais de todo iso, con toda a chulería, preséntanos seis meses máis tarde. Hai que ser moi valente, moi inconsciente ou moi incompetente, pero sobre todo demostra que ningún dos dous merece o sitio que os veciños lles encomendou.

Conclúe dicindo que EU de Cambre non pode ser cómplice duns orzamentos que non defenden aos veciños, senón que os desprezan claramente.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, comeza a súa intervención pedíndolle persoalmente desculpas ao Sr. alcalde por non comunicarlle en tempo e forma a ausencia da súa compañeira, voceira do grupo municipal do BNG, que vén motivada por grave enfermidade dun familiar moi próximo a ela, do que se ten que facer cargo, e que imposibilita a súa presenza aquí, igual que ultimamente nalgunha reunión dos órganos colexiados do concello. En todo caso, quere manifestar publicamente, un pouco como responsabilidade cara aos seus votantes e ao conxunto de cidadáns de Cambre, que parece que en boa lóxica a súa ausencia deste pleno, quizais un dos máis importantes do ano, non vai motivar un cambio no sentido de voto da Corporación, no xogo de maiorías e minorías.

Continúa dicindo que, se o Sr. alcalde lle permite, el quería consultarlle algo á Sra. secretaria antes de emitir o voto do BNG sobre estes orzamentos. El quería saber, en función do que voten aquí e se os orzamentos saen rexeitados no pleno de hoxe, que escenario se abre, que opcións ten nese caso o alcalde, opcións dende un punto de vista legal, se gobernar con eles prorrogados, someterse a unha cuestión de

confianza, en definitiva, cal é o abano legal.

Concedida a palabra á secretaria accidental da Corporación manifesta que aínda que a pregunta se dirixe á secretaria, cre que máis ben iría dirixida ao Sr. alcalde, sobre cales son as opcións que elixirá.

Don Daniel Carballada Rodríguez di que el expoñíalo como unha cuestión legal, non tanto dende o punto de vista político, pero ben, se ten a ben contestar o alcalde...

A Sra. secretaria accidental explica que as opcións cre que xa todos as coñecen, xa se veñen repetindo en exercicios anteriores e cre que son de sobra por todos coñecidas, a cuestión de confianza é unha posibilidade.

Don Daniel Carballada Rodríguez pregunta se existe a posibilidade, e dillelo porque é algo recorrente tanto a pé de rúa como a nivel de medios de comunicación, polo que pasou en concellos veciños, que a xunta de goberno poida sacar adiante estes orzamentos sen sometelos a pleno.

A Sra. secretaria accidental contesta que esa é unha cuestión que ao mellor máis ben lle pode responder a súa compañeira, porque é unha materia máis propia de Intervención que de Secretaría.

Concedida a palabra á interventora municipal explica que non é posible, porque o orzamento do 2013 foi aprobado.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez agradece que solucionaran esta, non tanto dúbida, senón cuestión que loxicamente quería que dalgunha maneira quedara recollida en acta, de maneira un pouco oficial, para coñecemento do común da cidadanía.

Continúa dicindo que dende o BNG, como xa teñen anunciado incluso publicamente, van votar en contra destes orzamentos. Quere manifestar, intentará ser o máis sucinto posible, que están hoxe aquí e que a política ten moito de representación e ten moito de teatralidade, ten moito tamén de guións escritos e preestablecidos, e eles consideran o de hoxe unha especie de acto máis, nunha representación teatral que vén dalgunha maneira, xa di, preconcebida dende a propia Alcaldía.

Di isto porque dende o minuto cero non houbo a máis mínima vontade de negociar estes orzamentos, non di xa co BNG, senón ao seu modo de ver, como espectadores, co conxunto de grupos da oposición. Dende o equipo de goberno tense clara e perfectamente definida unha estratexia que consiste en que hoxe os orzamentos non saian aprobados, pero si sometelos a unha cuestión de confianza no límite, no fío da navalla, do bordo do legal que establece un ano antes da celebración das próximas eleccións, prazo que vence o próximo 24 de maio, e abrir o período dun mes onde se pode materializar unha moción de censura se esa cuestión de confianza sae derrotada.

Di que eles non queren adiantar acontecementos, pero si que queren, dalgunha maneira, transmitir á opinión pública e ao conxunto do Pleno tamén, o seu parecer,

que é que lles parece total e absolutamente contradictorio co discurso político que vén sostendo na presente lexislatura o propio equipo de goberno. Por un lado, este Goberno que accedía total e absolutamente novo á responsabilidade no Concello de Cambre, sen ningún tipo de mochilas, nin de rémoras, nin de créditos a pagar de etapas anteriores, vendía, máis alá da súa adscrición ideolóxica ou de criterios de xestión e gobernabilidade, eficiencia dende o minuto cero. Unha das súas máximas era que en Cambre as cousas ían estar á súa hora, pois dilles que deben ir pola hora de Canarias, porque realmente traen os orzamentos con practicamente seis meses de atraso e, de verdade o di, sen causa aparente que eles coñezan. A oposición non sabe por que vén motivado este atraso e agardan unha explicación, a poder ser minimamente, non xa di crible ou consistente, senón na medida do posible que non soe a conto chino, porque non se entende que se teñan que ver en metade dun proceso electoral neste transo. Pregunta por que agora e non tres semanas antes ou xa postos tres semanas despois.

Tamén está o feito da propia mecánica que se establece para estes orzamentos, non tendo negociado previamente de maneira seria con ninguén. Porque cando se di que a oposición os coñece, é porque iso é un requirimento total e absolutamente legal, pero non houbo unha vontade real de chegar a acordos, e xa non di para buscar apoios explícitos, senón simplemente abstencións pactadas aos orzamentos.

Vaise a un esquema que ben pode ser o do ano anterior, onde aquilo que tanto se criticaba como un mantra, vén neste caso propiciado pola propia Alcaldía, atrasar a aprobación dos orzamentos un mes se finalmente se vinculan a unha cuestión de confianza e esta non sae aprobada.

Polo tanto, teñen que dicirlles, de maneira el cre que obxectiva e pouco discutible, que son uns pésimos xestores, pero xestores do seu propio Goberno, dos seus propios tempos, xestores da súa propia ineficacia neste caso.

Afondando un pouco nese criterio de que non saben xestionar, están unha serie de cuestións que en parte xa mencionaron aquí outros grupos da oposición. Facendo o símil cunha casa, falan de pagar a luz, falan de pagar o teléfono ou falan de pagar ao xardineiro, e son realmente pésimos, porque tres anos despois xa se sabe que a culpa vai ser do Goberno anterior. Xa saben todos que esa vai ser a escusa, pero hai que dicir que o gasto en xardinería segue a ser total e absolutamente desorbitado a día de hoxe, máis de 400000 euros. O gasto en telefonía, como xa se dixo aquí, é unha auténtica barbaridade, pero non é que o diga o BNG, nin a oposición a día de hoxe, é que o dicía o PP cando estaba na oposición e era exactamente ese mesmo gasto, cunha casuística ademais bastante particular, porque o sector das telecomunicacións é dos poucos onde houbo unha deflación xeneralizada dos prezos, son cousas onde lonxe de subir os prezos o que fixeron foi baixar.

A maiores diso hai cuestións que demostran que este Goberno a verdade é que dá un pouco paus de cego, incluso en cuestións que o BNG noutras circunstancias podería apoiar. Di que non ten sentido que nos orzamentos anteriores xa a esta lexislatura, hai dous exercicios orzamentarios, orzamentaran un proxecto de seguridade viaria e de mellora da estrada que vai de Cela a Meixigo, San Lourenzo e chega ata A Rocha, fagan ese proxecto e, agora, a dotación orzamentaria para a súa execución sexa 0

euros. Pregunta por que, ou por que van poñer a biblioteca no edificio da Arrigada, que pode estar ben, que pode estar mal, pero efectivamente, como aquí se dixo, hai un acordo plenario que destinaba ese edificio a outros usos.

Pero é que a maiores diso, do seu nulo tacto á hora de falar coa oposición para dicirlles que queren facer isto ou iso outro, e poñerse de acordo, non hai tampouco un mínimo de previsión. Por exemplo, el xa comeza a pensar se realmente van lear a tremenda poñendo a biblioteca aí, porque preguntalles onde van estar os aparcamentos, onde vai estar a zona de acceso, e corenta e mil cuestións máis que o equipo de goberno é incapaz sequera de explicar.

O BNG cre, nese sentido, que o que lles debería traer hoxe aquí é, loxicamente, si un debate contable, porque os orzamentos son un documento financeiro e sobre números, pero tamén un debate político. En concellos veciños fan debates de política xeral con carácter anual, non se fan no Concello de Cambre, tamén dende o BNG cren que estaría ben que se fixeran, pero é o que están tamén aquí debatendo un pouco hoxe, como incidiron outros grupos da oposición, a dirección política que ten este Goberno municipal e que plasma dalgunha maneira nuns orzamentos.

El o que lles di é que son uns gobernantes total e absolutamente covardes, que fan deixamento das súas funcións. O que aquí se apuntou é total e absolutamente certo, non actúan como Goberno de Cambre, o Sr. Rivas non actúa como alcalde de Cambre, actúa como delegado rexio do Partido Popular e unha máxima na súa acción de goberno é non molestar ao presidente da Deputación, non molestar á Xunta de Galicia, e iso si que o cumpren ao pé da letra e non se moven absolutamente nada.

E incluso tamén en situacións con determinadas empresas, porque é penoso que a día de hoxe, despois do que pasou, despois de todo o vacile, por non utilizar outro termo, que houbo co tema do bus nas parroquias de Cambre, con Asicasa non se renegocie absolutamente nada nos orzamentos. De 133000 euros de subvención pasan a 130000 e, a día de hoxe, non teñen coñecemento obxectivo de que haxa unhas melloras no servizo. Xa sabe que lles van dicir agora que están negociando as melloras e que están ao caer, oxalá foran antes das eleccións, a ver se iso servise como acicate.

Pero a maiores di que ven outras cuestións que non lles gustan. As axudas ao emprego eran axudas cunha bolsa importante a emprendedores, que pasan a ser a empresarios, é dicir, á xente xa establecida. Van darlles axudas aos empresarios, van darlles axudas á xente que xa está establecida en concepto de subvencións á contratación. Di que non o acaban de ver, gustáballes máis o criterio de promover as axudas aos emprendedores, á xente que se a xoga e que, dunha ou doutra maneira, intenta saír adiante.

A maiores diso hai unha cuestión fundamental. El sabe que non lles gusta nada que llelo digan, pero eles van estar repetíndolle ata o final dos tempos, o cadro de remuneracións deste equipo de goberno é total e absolutamente impresentable. Eles non van nin sequera como cuestión primeira aos cartos que perciben, ao importe deles, do que tamén habería moito que falar, pero con independencia diso, para eles é total e absolutamente inxustificable, a día de hoxe, que non haxa ninguén no equipo

de goberno, nun concello de 24000 habitantes, que teña dedicación exclusiva ao Concello de Cambre, así están multitude de cousas. Eles queren un alcalde a tempo completo, que exerza de alcalde de Cambre, que non teña máis obrigas e que non teña máis rendición de acatamento, por así dicilo, e de fidelidade, que a que ten que ter cos veciños de Cambre. Entenden que é unha petición total e absolutamente lóxica, e que estea remunerado conforme co que se estableza, non vai ser ese o problema por parte do BNG.

Conclúe dicindo que loxicamente van votar en contra e, na medida do posible, e por difícil que pareza, fanlles un chamamento a pararse sequera durante un segundo e pensar que é o que están facendo con Cambre nesta lexislatura, porque hai aspectos nos que, por certo, teñen atopado a colaboración modesta do grupo do BNG, que é un grupo pequeno en atención á súa representación institucional, para sacar determinadas cuestións adiante. Pero é que con esta actitude que amosan, o equipo de goberno non pode atopar o apoio, non di xa do seu grupo, senón el cre que nin do conxunto da cidadanía, porque queren gobernar, tendo minoría, como se tiveran maioría, e ao seu modo de ver iso é total e absolutamente improcedente.

Por iso o BNG vai votar en contra e agradeceríanlles que tiveran a grandeza de retirar estes orzamentos e negocialos. Iso é política, iso é valentía, iso é crer e acreditar na democracia e a iso os convidan.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe manifesta que ela principalmente gustaríalle lamentar que, unha vez máis, outro ano máis, os veciños de Cambre vaian ser os principais prexudicados pola actitude da oposición. O ano pasado tiveron unha experiencia desfavorable nese sentido, parece que este ano van ter que explicarlles aos veciños por que a oposición de Cambre non quere permitir que todo o que está contemplado nos orzamentos se comece a executar.

Estráñanlle case todas as afirmacións que verteron cada un dos grupos, e vai empezar referíndose ás máis importantes. O grupo socialista fala de hitlerismo político, de que non hai diálogo en medio dunha campaña electoral. Ela dilles que cando se traen uns orzamentos a pleno non se pensa se hai unha campaña electoral ou se non a hai. Pénsase en que eses orzamentos se traen para favorecer e para que os veciños de Cambre poidan gozar dos servizos e das obras que neles se contemplan. Ela non tiña pensado niso da campaña electoral, foi o Sr. voceiro socialista quen llo lembrou.

Tenlles escoitado en moitas ocasións acusalos de ser un Goberno ditatorial, un Goberno que non quere dialogar, acúsanos de ter unha actitude caciquil, déspota. Dilles que cre que a algún deles lles falla a memoria, e lémbbralles que esa falta de diálogo é un argumento que utilizan habitualmente, día tras día, pleno tras pleno, comisión tras comisión, para menosprezar ao Goberno municipal.

Di que están ante unha total falsidade. Vailles lembrar o que pasou en tantos asuntos importantes, os máis importantes desta lexislatura, onde os teñen chamado para negociar. Vailles citar algún por se a memoria lles volve fallar. Tiveron un serio problema co Plan xeral e chamaron a todos eles para que se tomara unha decisión. A resposta foi que a responsabilidade era do grupo de goberno, esa foi a resposta de todos e cada un dos grupos. Iso é o que din sempre, que iso é cousa do Goberno.

Tiveron outro serio problema cos contratos eléctricos dos puntos de luz. Chamáronos para expoñerlles e explicarlles a situación. A Casa da Cultura non se puido levar a cabo porque como todos saben estaba situada nunha parcela que non reunía as condicións nin as dimensións óptimas, e a resposta foi exactamente a mesma. En definitiva, di que acusan sempre ao Goberno de non chamar, de non consensuar, de ditador, e resulta que cando os chaman para consensuar decisións sobre problemas fundamentais, din que a decisión é do Goberno local, e se non os chaman son uns ditadores.

Tamén lles vai lembrar o que sucedeu o ano pasado cos orzamentos municipais. Di que ela, persoalmente, deulles o borrador de orzamentos, xustamente un mes antes de que se celebrase o pleno municipal. O grupo socialista negouse a acudir á reunión, e os demais grupos acudiron, pero chegou o día do pleno e nese mes non presentaron nin unha soa proposta, cero propostas. Logo, iso si, reuníronse todos para desbancar ao grupo de goberno, e o demais cre que non fai falta que o lembre.

En canto a que este orzamento non cumpre a regra de gasto, é certo, non a cumpre. Cumpre coa Lei de estabilidade e sostibilidade orzamentaria menos nese punto. Ela pode dicirlles que dende que se elaborou o orzamento, que foi no mes de decembro, unha das causas polas que este orzamento se atrasou foi porque se ten intentado por todos os medios cumprila. Non puido ser, porque iso supoñía renunciar a unha serie de investimentos e a unha serie de servizos, e non están dispostos a facelo. Por exemplo, unha das partidas que habería que deixar fóra dos orzamentos sería á da paga extra dos funcionarios, ou a da reforma da piscina da Barcala.

Di que o equipo de goberno cre que a Lei de sostibilidade é unha lei que non trata por igual a todos os concellos. Tanto dá que teñan niveis baixos de débeda e que non teñan déficit, como que o teñan. O ano pasado, na liquidación do 2012, tiveron un superávit de medio millón de euros, e o que lles obrigaron a facer con ese superávit foi destinalo a débeda, non puideron incorporalo ao orzamento e, agora, dinlles, nunha lei inxusta, que non poden superar un certo nivel de gasto nos orzamentos do 2014.

Reitera que eles non están dispostos a recortarlle ningún servizo aos veciños, ningún, aínda que iso lles supoña incumprir, sobre todo tendo en conta que o incumprimento é perfectamente asumible polo grupo de goberno e que, ademais, cumprirán o teito de gasto no seu debido momento, cando entre este ano e o seguinte se faga ese plan económico.

En canto á materia de emprego, parécelle moi atrevido dicir que as políticas de emprego municipais están acadando nulos resultados. Ela pode dicirlle que iso non é así, están xulgando sen ter datos que avalíen as afirmacións que están facendo.

O mesmo lle di das axudas de emerxencia social. Téñenos chamado incompetentes. Dilles que se utilizan a palabra incompetencia, están a estendela non só aos membros do grupo de goberno, senón tamén a todos os técnicos que en servizos sociais articulan estas axudas, e que son os que lle dan as pautas ao Goberno para orzamentar unha cantidade ou outra. Tamén están chamando incompetentes aos funcionarios dos servizos económicos, que son os que fan as estimacións de gastos

atendendo aos resultados dos exercicios anteriores.

Dille que non dubide de que, se as partidas de emerxencia social resultasen insuficientes e houbera que incrementalas, o dobre, o triplo ou o cuádruplo, incrementaríanse. Dille que non teña dúbida diso. Se o problema social fose maior e o grupo de goberno tivese que incrementar as partidas de emerxencia social, serán os primeiros en traer esa modificación orzamentaria a pleno, pero están seguros de que non vai ser así, porque confían nos técnicos municipais e nas previsións que eles teñen.

En canto ás instalacións deportivas, acusan ao concelleiro de Deportes de non ter consignado a partida suficiente para atender ao equipo Brexo Lema. Ela dille que son un Goberno serio, e se asinaron un convenio co Brexo Lema no que se di que este alcalde e este grupo de goberno vai atender ao mantemento e aos investimentos que haxa que facer nesas instalacións, é que o van facer, e non consenten que ningún grupo da oposición poña en dúbida a palabra do grupo de goberno.

Explica que o Brexo Lema ten dúas partidas, unha específica que está no capítulo de investimentos por importe de 80000 euros, dos cales 50000 están para atender ao convenio do Brexo Lema, e outra partida xenérica de mantemento de instalacións deportivas cun importe de 60000 euros.

En canto aos comedores escolares xa se teñen pronunciado noutras ocasións sobre o que o grupo de goberno entende que debe ser unha subvención para o servizo de comedor. Coa partida de universalización, volve a repetilo e volve a reafirmarse no mesmo, están creando unha necesidade onde non existe. Quen debe ir gratis ao comedor é aquel que non ten recursos, o que poida pagarse o comedor, ten que facelo. Ese é o seu criterio, porque o comedor non é educación.

En canto ás multas de tráfico gustaríalle facer outra apreciación. Parécelle lamentable que acusen ao grupo de goberno de poñer multas de tráfico. Pregunta se saben o que pasaba aquí antes de que o grupo popular chegase ao goberno, pois que non se recadaba, pero non só por multas de tráfico, senón por moitos outros conceptos. Xa o dixeron no pleno pasado e volven repetilo, Deputación está xestionando as multas de tráfico e está xestionando moitos outros ingresos, e o resultado é totalmente satisfactorio. A xestión que está facendo a tesoureira municipal coas vías de prema é totalmente satisfactoria.

Todos os aumentos de recadación que se xestionan a través de Deputación son porque se están xestionando de forma efectiva as vías de prema, non porque se estean poñendo multas. Se queren, poden ir á Policía local e pedir un informe das multas que se poñían no 2010, no 2009 ou no 2011 e facer unha comparativa co número de vehículos que pode haber agora mesmo, verán como non é certo que aquí, nin o alcalde nin o concelleiro de Mobilidade, poña máis multas que antes.

En canto aos investimentos que realiza a Xunta de Galicia, dixo o voceiro socialista que a Xunta non vai facer nada, que a Xunta de Galicia non inviste en Cambre. A ela parécelle tamén outra atrevida afirmación que non se corresponde coa realidade, é máis, a Xunta de Galicia nunca ten intervido tanto no Concello de Cambre como

agora, e vaille dar datos. Só no ano 2013 e no que vai de 2014, a Xunta de Galicia acometeu as seguintes obras:

- Mellora rúa comercial Constitución, entre Tapia e Manuel Murguía, subvencionada pola Xunta de Galicia en 71000 euros.
- Renovación da rede de saneamento rúas Molier, Bell, Daimier, Marconi, polígono Espírito Santo, subvencionada pola Xunta de Galicia con 120000 euros.
- Renovación do firme na rúa Isaac Peral, polígono do Espírito Santo, Cambre, subvencionado pola Xunta de Galicia con 120000 euros.
- Aforro e mellora da eficiencia enerxética mediante a implantación de redutores estabilizadores de tensión, interruptores astronómicos e luminarias anticontaminantes lumínicas nas iluminacións exteriores do Concello de Cambre, 38000 euros.
- Mellora de camiños municipais nas parroquias de Cela, Brexo e Cambre.
- Instalación solar térmica AQS en piscina, complexo deportivo municipal da Barcala, subvencionado pola Xunta de Galicia con 89194 euros.

Di que o total das subvencións da Xunta de Galicia é o seguinte:

- obras e servizos, 1152516 euros
- cultura, 16974 euros
- deportes, 129288 euros
- ADL, 597000 euros
- servizos sociais, 443000 euros
- e bibliotecas, 6240 euros

O total da Xunta de Galicia no que vai do 2014 é de 2299000 euros, e se lle di o total da Xunta e da Deputación Provincial da Coruña, é de 4228905 euros.

En canto a outras acusacións que lles fai de repugnantes e demais, non lle vai contestar.

Continúa dicindo que logo criticaron tamén outros grupos a demora en traer os orzamentos. Ela reconece que traer os orzamentos con atraso non se axusta ao que o grupo de goberno quixera, a idea era telos traído antes, pero si é verdade que foron chegando continuamente circulares do Ministerio de Facenda sobre o cálculo, o cómputo, e as posibilidades que había de cumprir ou non cumprir o criterio da regra de gasto. Tamén, como todos saben, teñen estado negociando cos sindicatos para poder incorporar a partida de 235000 euros para facer fronte ás pagas extraordinarias. Estiveron tamén pendentes dalgunha subvención, como a da piscina municipal da Barcala, e si que é certo que todo iso demorou a presentación do orzamento.

Por outra parte, UxC referiuse tamén á subvención da Cruz Vermella, que di que incumpre o aprobado. Dille que non, que coa Cruz Vermella o que hai é un convenio que se asinou o ano pasado, e esa dotación son 25000 euros que están orzamentados para mobiliario e o resto é para despesa municipal.

Logo outra cousa, como que dixo que este Goberno non foi capaz de xestionar os intereses de Cambre. Obviamente ela non está polo labor de poñerse a debater sobre

o que xestionaron ou non xestionaron, porque cre que os que teñen que xulgar iso son os veciños. A oposición si que lles pode, pero debater iso..., poderían comezar aquí a dicir todas as obras, os servizos, os investimentos que se teñen realizado ao longo da lexislatura e non rematarían o pleno.

Continúa dicindo que, logo, EU faille a acusación de que ela dixo nas comisións que o orzamento era igual que o do ano pasado. Di que se ela dixo que o orzamento é igual que o do ano pasado non se está referindo a que se consignent as mesmas partidas ou que os servizos sexan idénticos, non hai máis que ver o orzamento para ver que non é así. Cando dixo que era practicamente igual que o ano pasado, agás que se diferenciaban algúns detalles, referíase á porcentaxe de gastos nos distintos capítulos, á porcentaxe que se consignaba no orzamento do 2013 e á porcentaxe de gastos nos distintos capítulos deste ano. Por exemplo, que un 35% do gasto municipal se destina a gasto corrente é unha cousa que non cambia, nin este ano nin o seguinte, porque son porcentaxes que todos os anos están sendo idénticas, que non poden variar, porque ademais son gastos correntes obrigatorios que hai que consignar todos os anos. Non se está referindo a que os servizos sexan iguais, porque non hai máis que ver o orzamento para sabelo.

Refírense tamén á biblioteca municipal, que se a trasladan para Arrigada e que houbo unha moción en pleno. A ela gustaría lle dicirlles a todos os grupos da oposición que é certo que se presentara unha moción solicitando que a Casa da Arrigada fora un aula da natureza, pero que eles son un Goberno responsable, por moito que a oposición se empeñe en dicir que non, e vailles dicir o por que, porque a actual biblioteca, que está situada na segunda planta do centro de saúde, agora mesmo estalle custando ao Concello de Cambre 70000 euros ao ano. Dille ao grupo de EU, que tanto os incoa para que aumenten as partidas de emprego e de Servizos Sociais, que esa sería unha boa cantidade que o Concello de Cambre podería aforrar para dedicar ao que os veciños demanden, 70000 euros ao ano.

En canto a se a biblioteca municipal ten que pasar ou non á Casa da Arrigada, dilles que llelo pregunten aos máis de 7000 usuarios que habitualmente utilizan as bibliotecas de Cambre. Pide que lle pregunten aos que todos os días ven as dificultades que teñen os nenos pequenos pola falta de espazo que ten a biblioteca municipal, pola falta de espazo que hai para meter novos libros na biblioteca. Non hai espazo nesa biblioteca e hai que buscar unha solución, e a solución máis idónea para un Goberno responsable é trasladar esa biblioteca e aforrarlle ao concello 70000 euros ao ano. Ese é o seu criterio.

Polo demais, o mesmo lle di ao grupo do BNG, que facía alusión ao mesmo. En canto ao contrato de Asicasa, lémbrale ao Sr. Carballada que é un contrato que dura ata maio do 2015 e que a cantidade que se ten que orzamentar vaixe modificando en función do número de viaxeiros. Ao aumentar o número de viaxeiros vanse a outra zona da táboa.

En canto á subvención de emprendedores dixo o concelleiro que lle gustaba máis a subvención de emprendedores que a das liñas á contratación. Simplemente quere aclarar que esa partida, a de 120000 euros, non exclúe o programa "Cambre Emprende". Ese programa está tamén dentro desa partida, o resto é para axudas á

contratación. Explica que a maior parte desa partida, polo menos 100000 euros, vai estar destinada a axudas á contratación, porque o Goberno central de Mariano Rajoy, coa Lei do emprendedor xa consignou unha axuda para un área moi grande de emprendedores, os cales teñen unhas reducións de case o 80%, polo tanto, moi pouca parte da partida vai ter que estar destinada a “Cambre Emprende”, porque só vai ter que cubrir esa parte, o resto serán axudas á contratación.

Conclúe dicindo que ela, pola súa parte, non ten nada máis que dicir e termina aquí a súa quenda de réplica.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que van deixar o de que a coincidencia da presentación dos orzamentos en medio dunha campaña electoral é mera coincidencia e que a ela non lle anima ningún ánimo diferente, que a cre, ou ten que crela, ela saberá a verdade, ela e o seu Goberno.

Pero, dende logo, se non está de acordo cos grupos da oposición que manifestaron a ausencia de diálogo en temas de importancia nesta lexislatura, non temas puntuais como os que a concelleira debullou, entón dille que a verdade é que non sabe en que mundo vive. Máis aló dunha inexactitude pola súa parte en considerar que no tema do Plan xeral a oposición deixou ao albur o asunto dicindo que era un tema do Goberno municipal, el lémbrale que na última reunión que se realizou entre o Goberno e os grupos da oposición, á que ela non estaba convocada e non estaba presente, chegouse a un acordo en canto á prórroga do contrato nunhas condicións nas que todos estiveron de acordo, ou sexa, que iso de falta de diálogo e deixalo ao albur ou a que decida o Goberno municipal non é en absoluto certo.

O que si é certo é que nos orzamentos do 2013 o documento se lles presentou cun mes de anticipación, e despois cada un foi moi libre de facer suxestións ou non, mentres que no ano 2014 a primeira noticia que teñen do documento orzamentario é un avance dunhas fotocopias do orzamento de ingresos e gastos e do plan de investimentos que se lles entregan, polo menos ao grupo socialista, o 8 de maio, hoxe están a 19, hai 11 días. E fala de fotocopias, non fala do documento completo, coa memoria de execución, coas bases de execución, iso presentóuselles bastantes días despois.

Fai a Sra. concelleira unha afirmación e denomina inxusta á Lei 2/2012, cre que se refire a ela, en canto á restrición do gasto que se establece. Niso el coincide con ela, é unha lei inxusta que trata a todos os concellos igual, incluso a aqueles que xestionaron adecuadamente, como é Cambre, no pasado e aparentemente na actualidade, porque dos informes de Intervención non resulta nada nese sentido, pero lémbrale que é unha lei do seu Goberno, do Goberno central, do Goberno do Estado.

Continúa dicindo que cando falou de políticas de emprego dixo que non ven resultados, e ratifícase niso. Os datos da loita contra o desemprego, que imaxina que ese é o obxectivo que se persigue coas políticas municipais de fomento do emprego, están aí. Non houbo unha baixada apreciable entre os desempregados que había hai un ano e os desempregados que hai na actualidade. Entón, ao mellor algunha vez terá que darlles explicación de en que beneficiaron a Cambre as políticas de fomento do emprego que ela ten posto en marcha dende hai dous anos neste concello, e engade

que dende logo que o falarán.

Pero di que lle volve tender a man. Un tema tan importante como é o do fomento do emprego, e máis nesta situación, esixe de grandes consensos, e el esténdelle a man para suxerirle iniciativas e poder chegar entre todos os grupos, se así os estimaran os seus compañeiros dos grupos da oposición, a un gran pacto polo emprego en Cambre, un pacto que puidera mellorar no posible a situación que están sufrindo, entre outras cousas, porque si hai coincidencias, como lle gustaba dicir ao Sr. alcalde hai tempo, entre os programas de todos os partidos, polo menos entre o do Partido Socialista e o do Partido Popular.

Continúa dicindo que ratifica o da incompetencia na xestión política das axudas de emerxencia social. Pide que non intente esconderse tras unha crítica á xestión dos funcionarios da área económica e da área de Servizos Sociais. Baixo ningún concepto poñen en cuestión o seu traballo e a súa profesionalidade, agora, os números cantan. Como dicía na súa anterior intervención, se no ano 2013 se orzamentaron 75000 euros, dos que a 31 de decembro estaban executados 73061, e se manifesta que foron suficientes, porque senón, como dicía a Sra. concelleira, terían modificado a partida para incrementala e facer fronte ás necesidades xurdidas, pregunta entón por que este ano se orzamentan 125000, se foron suficientes 75000. El non é moi dado a pensar mal, pero cre que as cifras reais de demandas en materia de emerxencia social van por riba dos 125000 euros, e por iso eles os orzamentan, e cre que se quedan curtos.

En canto ás instalacións deportivas, entende que para o convenio co Brexo Lema están recollidas na partida de mantemento de instalacións deportivas as cantidades que a concelleira dixo, pero el non as ve desagregadas no documento orzamentario. Gustaríalle que, xa que fixo esas manifestacións, lle fixera chegar esa desagregación que ela fai, porque no documento orzamentario non aparecen eses conceptos máis que dunha forma xenérica. Gustaríalle que ela ratificara en que partidas se incorporan os compromisos co Brexo Lema.

Non obstante, se o ano pasado se orzamentaron 60000 euros e non había o convenio co Brexo Lema, e este ano hai ese convenio e orzáméntanse 40000, vai saír prexudicado o mantemento do resto de instalacións deportivas municipais. É un problema de perogrullo, pero é a realidade. En todo caso, di que el está referíndose á documentación que teñen, non aos datos dos que dispón o equipo de goberno, que repite que lle gustaría que llos trasladaran.

Respecto das multas de tráfico e o que dixo de que antes non se recadaba e agora se recada, el dille que se recada máis, porque se sanciona máis. Tamén lle pide que non o entenda literalmente, porque cando falan nunha intervención política utilízanse conceptos un tanto máis amplos, el non está dicindo, evidentemente, que o concelleiro responsable ou o alcalde sancionen, por riba agora a Sra. concelleira non acaba de escoitar o que lle dixo, porque está falando co seu compañeiro.

Reitéralle que utilizou unha forma xenérica, non está dicindo que efectivamente o alcalde estea sancionando. Pero o alcalde, como responsable da Policía local, é o que dá as directrices de como ten que levarse a actuación en canto ás infraccións que se

poidan cometer, ou a persecución dese tipo de condutas e infraccións. Iso é o que el critica.

Resulta realmente difícil de entender que nestes tempos se recade por multas 105000 euros, que non di el que non haxa as infraccións que se están avalando, teranse cometido, pero multar nestes tempos, tal e como está a situación económica a algunha xente.... Como dixo antes, un coñecido seu, cando ía solicitar unha axuda de emerxencia social aparcou mal e por riba dos trámites que tivo que seguir pola situación de axuda de emerxencia social, aínda por riba agora ten que pagar esa sanción. Di que é unha mera anécdota, que non está xeneralizando.

En canto aos investimentos da Xunta de Galicia, a Sra. concelleira fai un totum revolutum de todo iso, e mete transferencias correntes, transferencias de capital e obras propias. Por exemplo, falou das cantidades que van dirixidas a Servizos Sociais, e se iso non é unha transferencia corrente, que veña Deus e o vexa. El falaba de transferencias de capital, de investimentos, e reitera, sobre todo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o que son transferencias ao Concello de Cambre para que execute as obras que entenda oportunas, cero. Iso é o que están orzamentando.

Outra cousa é que no cumprimento das súas obrigas a Xunta de Galicia, como non pode ser menos, execute as obras que lle corresponden.

Ademais diso, hai un ente absolutamente etéreo, pero moi prexudicial para os intereses de Cambre e de todos os seus veciños, que é Augas de Galicia. Dille á Sra. concelleira que estará de acordo con el, porque os números cantan, que lles transferiron 680000 euros, e obras hidráulicas ou de abastecemento ou saneamento, están absolutamente ausentes. E iso é o que el critica.

Trátase dun organismo que xa lles creou bastantes problemas coa Edar de Bens, e que dunha forma consensuada á Edar de Bens déronlle unha solución no pleno entre todos os grupos da Corporación de Cambre, por iso, o da ausencia de diálogo que a concelleira manifesta non é así, ou polo menos el non o entende nin o viu así. Di que teñen dialogado cando lles teñen dado a palabra para facelo, cando lles teñen feito propostas.

Pero, en concreto, Augas de Galicia, e tamén a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas na súa totalidade, é unha entidade que é absolutamente refractaria a calquera actuación de importancia, máis aló de temas puntuais de 38000 euros, ou temas como unha mellora de 70000 euros na rúa Constitución, iso vale, pero por actuacións propias, que sexan de responsabilidade do concello, non os teñen visto por aquí, e iso é o que quería dicir.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que dixo a Sra. concelleira que este orzamento se fixo tendo en conta as necesidades para Cambre, el diríalle que as súas necesidades para Cambre, porque ela fala sempre como se fora o único representante legal dos veciños e veciñas de Cambre, e ademais el pensa que así o cren.

Dixo que se a oposición non aprobaba isto, eran os veciños os prexudicados, pero el preguntalle se se deu conta de que están en maio, non en novembro ou decembro. Pídelle que non lles achaque a eles agora que os prexudicados van ser os veciños, dille que non, e que se son os veciños é porque o equipo de goberno non fai a xestión necesaria para que todo vaia como ten que ir.

Dixo que os chamaran para o Plan xeral, e claro que o fixeron, pero en tres anos pregunta cantas veces os chamou, e parte da documentación ou parte do que saben é pola prensa, non o saben polo Goberno nas reunións, iso por riba, así que mira que cousa boa fixo, que os chamaron. Di que é increíble que fagan esas afirmacións.

Tamén lles dixo a Sra. concelleira que non apoiaron os orzamentos do 2013 e que logo se reuniron, pero que diso non ía falar, pois dille que el si o vai facer. Di que claro que si, que votaron en contra duns orzamentos e o Sr. alcalde someteuse a unha cuestión de confianza, e lémbrelle que a perdeu, e aí se acabou. O resto, a oposición tiña un mes para intentar chegar a acordos, non foron posibles, pero eles non provocaron esa situación, foi o alcalde e o grupo de goberno coa súa xestión os que provocaron a cuestión de confianza, non foi a oposición, e iso tamén hai que falalo.

Falou a Sra. concelleira de non recordar. El volve dicirlle, o tema dos contratos, todos os contratos que teñen sobre a mesa, e é verdade que algúns lles veñen herdados, pero o PP criticou isto durante moitísimos anos, xa non vai dicir nin catro nin oito, senón moitísimos máis anos, e neste momento cre que teñen aínda máis que os que colleron.

En canto ao Brexo Lema, dixo a Sra. concelleira que se asinaron un convenio o van facer e que non lles permite que o dubiden. El dille que vailles permitir o que eles digan que lles permita, porque aquí hai moitas mocións nas que chegan a acordos e despois o Goberno non cumpriu co que se dixo en pleno, e ese convenio foi, ademais, un acordo plenario. Asinaron un convenio e a oposición, toda a Corporación, estivo de acordo con iso.

No que se refire a ser un Goberno responsable, el dille que no tema da Arrigada ela pediulles que preguntasen aos 7000 veciños, e el supón que o equipo de goberno o xa o fixo, preguntarlle aos 7000 veciños que era o que querían facer coa biblioteca de Cambre, se pasala para Arrigada. Supón que o farían eles, porque a oposición non ten esa oportunidade, aínda que el dubida de que o Goberno teña feito esa enquisa para que os 7000 usuarios das bibliotecas se pronuncien nese sentido. E se é así, preguntalle por que non o tratou con eles, porque ela sabe que hai unha moción aprobada e que teñen que levala a efecto.

Din que teñen outra idea mellor que a proposta, pero lémbralles que esa moción veu a pleno precisamente porque o Sr. alcalde propuxo a todos os grupos da oposición dar ideas sobre que facer coa Casa da Arrigada. Os compañeiros de EU fixeron esa achega coa que todos os grupos estiveron de acordo. Agora resulta que o Goberno, despois de preguntarlles que querían facer coa Casa da Arrigada e de que eles llo dixeran, non o fai. Non só iso, senón que agora a destinan a outro uso sen consultalo absolutamente con ninguén, polo menos con UxC non o fixeron.

Responsabilidade. Di que esa é unha palabra que lle gusta moito dicir ao Goberno. Pero seguen cos contratos en precario, porque non lles gustan os contratos que son fiscalizados, eles móvense moi ben, xa o fixeron co Brincadeira, nos contratos que asinan doutra forma, que non son fiscalizados e que non se poden fiscalizar. Di que aí móvense moi ben, e ten que lembrarilles que do Brincadeira aínda arrastran débedas, ou cre que seguen arrastrando débedas das empresas que realizaron o festival e que aínda non pagaron a este concello. Iso é xestión.

Traen ao pleno asuntos sen os documentos necesarios para poder votar. Non é a primeira vez, á parte de que llelo dan tarde, mal e arrastro. Esta mañá, ao mediodía, teñen recibido documentación para este pleno, cando di o ROM que teñen que tela con moito tempo de antelación, para estudar os asuntos, para analizalos e para votar en consecuencia.

Dille á oposición que cren que o que teñen que facer é pelexar polo interese xeral. Iso é o que ten que facer o Goberno. Por exemplo, no tema do parque empresarial UxC fixo unha alegación á Xunta de Galicia dicindo que tiñan unha idea para todo ese complexo, pois ben, a Xunta de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente, deulles a razón, díxolles recentemente que teñen razón e que tamén o pedira o Concello de Sada. O Goberno de Cambre non o fixo, é máis, vai máis aló esa contestación e nela tamén se di que é necesaria a Vía Ártabra para desenvolver ese ámbito.

Dilles que iso é o que UxC lles esixe, que pelexen polo interese xeral, que non o fan, e o interese xeral peléxase contando cun consenso necesario, e non simplemente traballar nunha minoría, estar nunha minoría, pelexarse contra o mundo, pensar que teñen razón e que o mundo está equivocado.

Conclúe dicindo que cre que a política que seguiron ata este momento é totalmente equivocada, pero cre que aínda poden cambiar de rumbo e dende UxC os animan a que o fagan.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que segue ocorrendo o mesmo que ocorre sempre, que aquí se fan unha serie de preguntas que ninguén contesta, despois venden unha moto diferente, e parece que se está contestando a todo e aquí non se está contestando absolutamente a nada, a ningunha das preguntas, e non fala das de EU, senón de todos os grupos.

Dille á Sra. concelleira que cando os acusa de falta de diálogo é algo que a todos lles ofende moito, e por iso todos os compañeiros están facendo mención a iso, non poden deixar de facelo. Xa en máis ocasións ten dito que ninguén foi ao seu despacho, pero ela dille que non sabe exactamente a que vén o equipo de goberno aos plenos, porque en todos os plenos dende hai tres anos, todos os grupos están presentando iniciativas, constantemente, a través dos mecanismos legalmente establecidos, a través de mocións, a través de rogos e a través de preguntas. Concretamente o grupo de EU, non lle pode dicir a cantidade exacta, pero levan máis de 600 iniciativas, e a Sra. concelleira popular pretende que ela pida permiso no seu traballo para visitala no seu despacho e dicirlle que inclúa unha partida.

Dille que ten as súas iniciativas por escrito, non só a través de mocións, rogos e

preguntas, senón por Rexistro. Tanto EU como o resto de compañeiros, presentaron iniciativas, presentaron propostas, fixeron peticións, como esta que ten aquí diante rexistrada o 6 de marzo do 2014, hai case tres meses, na que solicitaron informe dos servizos públicos que na actualidade se están realizando en precario, e que, así mesmo, lles facilitaran o importe económico desagregado de cada servizo. Pregunta onde cae iso e se ten que ir buscalo ao despacho da Sra. concelleira, porque está presentado o 6 de marzo. Pídelle que non fale de falta de diálogo.

EU do que si fala é de falta de responsabilidade do Goberno. Din que se atrasaron os orzamentos para cumprir coa responsabilidade que teñen cos veciños e para que se poidan respectar determinadas partidas. Ela vaille ler o discurso do Sr. alcalde no pleno da cuestión de confianza, que era un discurso ao estilo Braveheart, afectando a voz, e dicía literalmente: “non podemos demorar máis a aprobación dos orzamentos” e o ano pasado estaban falando en marzo, e seguía “xa que do contrario poñeranse en serio perigo moitos programas municipais que necesitan dos aumentos propostos nas contas, e aínda peor, poñerán en risco vostedes moitas entidades que sen as achegas municipais terían moi difícil subsistir”. Iso díxoo o Sr. alcalde o ano pasado, este ano xa non hai perigo, a xente ten pasta no peto.

Continúa citando que o Sr. alcalde acusaba directamente á oposición dicindo que serían eles, se votaban en contra da cuestión de confianza, como así foi, que serían os grupos da oposición os que terían que explicarlles as razóns ás Anpas e ás asociacións de veciños que estaban pendentes de cobrar as súas subvencións e que estaban asfixiados. Pregunta se este ano non están asfixiados nin as Anpas nin as asociacións de veciños, tocoulles a lotería. Agarda que o Sr. alcalde lles dea as explicacións este ano, se o ano pasado tiña que dalas a oposición, agarda que este ano as dea o Sr. alcalde. Di que diso falan, de responsabilidade.

Segue dicindo que xa o apuntou o voceiro socialista, e é para partirse o comentario de que a Lei de estabilidade lle pareza moi inxusta á Sra. concelleira. Dille que tomen medidas, que tome medidas o PP.

Na súa anterior intervención tamén ela mesma falou de incompetencia, e falou diso porque seguen sen contestarlle á pregunta que fixo, por canto se orzamenta, por un ano, por medio ano, por ano e medio, por un mes, por cuarto de mes, por quince días. Pregúntalle se o sabe, porque no orzamento deste ano falan dunha partida de emerxencia social de 125000 euros por doce meses, o ano pasado 75000 por oito. O ano pasado orzamentaron por oito, este ano por doce.

A Sra. concelleira segue sen contestarlles e ela pídelle que lles aclare, por favor, de cara ao ano que vén, por canto van orzamentar. Di que por iso EU fala de incompetencia.

O tema do respecto. É certo que somos donos do que falamos e escravos do que dicimos. Pareceulle entender que a oposición non tiña que xulgar o traballo do equipo de goberno, que tiñan que ser os veciños, pregúntalle que como que a oposición non ten que xulgar o traballo do equipo de goberno. Cre que dixo iso, e é grave.

Tamén fixo unha puntualización de que falaba de porcentaxes, pero dixó exactamente

o que dixo e emprázaa a que lea a acta da comisión informativa, ademais foi a súa primeira intervención e lembran perfectamente todo o que dixo, que de feito este orzamento era estruturalmente igual que o do ano pasado. Dille que non lle fale de porcentaxes.

Respecto da Casa da Arrigada. Ese tamén foi un discurso no que ela case chora cando a concelleira falou dos pobrecitos nenos que non teñen sitio, dille que non, que ninguén lle está dicindo que se teña que cumprir un acordo plenario, ela non dixo iso, o que dixo é que se hai un acordo plenario aprobado polos grupos da oposición e se o equipo de goberno considera, coincidindo co que dicía o compañeiro don Óscar García Patiño, se o equipo de goberno considera que hai un uso mellor, un uso máis apropiado para a Casa da Arrigada, o que ten que facer é dicir: "oian, vostedes que a petición nosa nos presentaron esta proposta e nos dixeron que consideraban que debía ser unha aula da natureza, nós coidamos que debe ser unha biblioteca por isto, por isto e por isto" e dilles que non se preocupen, que igual que eles din que queren diálogo, EU tamén o quere, e se a proposta é boa vanlles dicir que por suposto, e no pleno poden modificar o acordo plenario. Non se modificará como o fai o equipo de goberno, veña, 90000 euros para a biblioteca e arreando. Dilles que así non se fan as cousas, que iso non é responsabilidade.

En canto ao fomento de emprego, antes deulles datos e vai seguir dándollelos agora. 498000 euros entre 12 meses son 41000 euros que se destinan a fomento do emprego, sen entrar na asignación, que tamén están de acordo co que dixo o Sr. Carballada de que a asignación a fomento de emprego se podería facer doutra forma, pero, aínda así, collendo o bruto total son 41000 euros mensuais que, entre 2339 parados, non vai redondear, sae un investimento do Concello de Cambre de 17 euros por parado ao mes.

Conclúe dicindo que se consideran que iso é unha medida importante, que merece ser salientada, a eles parécelles que electoralmente pode ter tirón, pero de cara aos parados é bastante probable que lles dea a risa cando saiban que a cada parado de Cambre se destinan 200 euros, como medida estrela do Concello de Cambre.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta, primeiramente, que hai cuestións que son obvias pero que precisamente polo lacerantes que son non poden ser obviadas. A respecto da consideración que fixo a Sra. concelleira sobre o Plan xeral de ordenación municipal, e en parte tamén co que dixo aquí o voceiro socialista, ela non estaba nesa reunión, quen si estaba era o Sr. alcalde. El dende aquí e como BNG tamén, fai un chamamento, a el prodúcelle tristeza ver que no debate de orzamentos, quizais como dicía antes o máis importante do ano, o alcalde fai mutis polo foro e delega nunha concelleira, loxicamente perfectamente habilitada e capacitada, non o pon en absoluto en dúbida, pero igual é porque o Sr. alcalde considera que estes orzamentos non teñen defensa e por iso rexeita defendelos. Seguro que despois fará unha intervención, cando xa o resto dos grupos da oposición non teñan quenda de réplica, facendo uso da democracia para pervertela e para actuar da forma menos participativa e aberta posible.

Xa di, é unha mágoa, non para el, loxicamente, pero cre que para o conxunto de cidadáns de Cambre e para a calidade da propia democracia. Pero dicíalle que no

PXOM o BNG, e cre que tamén o resto de grupos da oposición, e está o alcalde, o Sr. Rivas, para corroboralo, tiveron unha actitude total e absolutamente de colaboración co equipo de goberno, sabendo das dificultades que se afrontaban nun tema tan sensible como este, proba é que neste momento non forma parte da axenda do debate político inmediato e cotián a situación do PXOM. Dentro do que se está a vivir na lide política en Cambre, está fóra, porque hai un mínimo de consenso ao que a oposición, que tamén o di, dunha maneira moi racional, moi razoada, moi pactada e moi consesuada, chegou co equipo de goberno, polo tanto, pídelle á Sra. concelleira que se informe de como son as cousas, porque fala por falar.

Dicir que ela non se deu conta de que había eleccións, pregúntalle como quere que o tomen. El particularmente fai valer aquí a proposta que vén de realizar o BNG para a legalización do consumo e comercio de marihuana, porque é que non ten outra visión máis que esa, e así de claro llo di, é que non é serio en absoluto. O que dá a Sra. concelleira non son razoamentos, son escusas, fala do cálculo, do cómputo, da regra de gasto, das pagas extraordinarias, el pregúntalle que pasa, se é que o cómputo, a regra de gasto e as modificacións que fai o Ministerio de Economía, ás que ela aludía, son só para Cambre. Pregunta se as fixeron dende Madrid só para Cambre, o resto de concellos si poden ter á súa hora os orzamentos, pero Cambre non, porque resulta que se está legislando dende Madrid ad hoc para que en Cambre os orzamentos cheguen tarde.

Dille que realmente son escusas de moi mala pagadora. Ela o que ten que xustificar aquí, e non o fai, é por que tiveron a determinación política de non traer os orzamentos en tempo e forma. E claro, ten loxicamente moi difícil xustificación.

Volvendo ás falsidades da Sra. concelleira, que non inexactitudes, senón falsidades, di ela que eles non falan, e dixo ademais literalmente que non van ao seu despacho. El pode dicirlle que nos pasados orzamentos el mesmo e a voceira do BNG foron ao seu despacho e falaron no seu despacho, iso por se ela ten memoria frouxa, porque el de momento non. Di que non tiña pensado facer mención a ese episodio, e non o fixo por iso na súa intervención inicial, pero falaron dunha serie de cuestións nas que podían estar de acordo. Por exemplo, no orzamento do ano pasado tamén se falaba do tema das melloras no auditorio do anfiteatro no Parque da Igrexa, e o BNG dicía a ver se o podían facer con menos cartos ou pospoñer. Falaban, por exemplo, de darlle unha volta, que tiña que ter tamén a súa plasmación no documento orzamentario, ao tema do concurso de pintura, para que tendo menos orzamento tivera un carácter máis amateur e máis de novos valores.

Pero di que falaron tamén dunha cuestión que para o BNG era fundamental. Eles non poden xustificar que as asistencias a órganos colexiados semanais, e fala da xunta de goberno, teñan unha remuneración superior a asistencias aos consellos de ministros. Dixéronlle que iso era un soldo encuberto, e que se algún membro do equipo de goberno tiña que ter un salario, que eles non dubidan que o merece, posiblemente dos que máis, por non dicir o que máis, que o teña. A Sra. concelleira contestoulles que iso non era negociable.

Polo tanto, di que si que foron, e foron con propostas. Dille á Sra. concelleira que saben do que falan.

No tema da Arrigada o Goberno vén aquí como se iso fora a gran obra, como se fora o Escorial, como se tiveran sacado unha idea total e absolutamente impresionante e estivera perfectamente pensada. Dilles que consensúen previamente. A esa casa acábanlle de quitar o bus que pasaba por diante, que comunicaba co resto do concello de maneira directa e de maneira directa tamén coa cidade da Coruña, e agora van poñer aí a biblioteca. Dilles que, de verdade, pensar o que se di pensar, moitas cousas non as pensan.

Podería estenderse máis, pero a verdade é que non quere, simplemente dúas consideracións. O Estado español pertence, xa incluso dende a España de Franco, á Organización das Nacións Unidas, que é unha entidade que de verdade non controla o BNG, non é unha entidade satélite do BNG. A ONU ten unha sección que se chama Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura, e a Sra. concelleira deixou hoxe aquí unha frase que a retrata perfectamente como o que é, unha fiel servidora da ideoloxía ultraneoliberal máis detestable dende un punto de vista da xustiza social e da democracia avanzada, dixo que o comedor non é educación.

Pois ben, a Unesco dixo que o comedor forma parte do proceso educativo, e cando despois diversos gobernos a nivel mundial, de índole neoliberal, seguiron poñendo iso en cuestión, a Unesco volveu dicir que formaba parte do sector educativo, tamén dende un punto de vista incluso empresarial e económico, alí onde estea desligado da cuestión pública, dixo que o comedor formaba parte do sistema educativo. Polo tanto, dille á Sra. concelleira que o comedor si é educación, non é negocio, como queren facer ver eles.

E di que remata cunha consideración, xa a título de inventario, e desculpas se nalgún momento se excedeu, pero de verdade que a el non se lle caen os aneis por debater e debater con dureza con mulleres, a diferenza do impresentable de Arias Cañete.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, manifesta que lle gustaría facer unha pequena aclaración sobre o que se falou da partida de emerxencia social. Di que esa partida subiu de 75000 a 125000 euros basicamente pola nova ordenanza, é dicir, cambiaron o IPREM, polo que son un maior número de usuarios, por iso vén a subida de 75000 a 125000 euros.

Di que dende que está aquí gobernando o Partido Popular, a partida pasou de 40000 a 125000 euros, no que están actualmente, e iso que lles achacan falta de sensibilidade continuamente, pero as cifras son as cifras, e son constatables. Calquera veciño pode constatar a subida da partida de emerxencia social que houbo dende que chegaron ao Goberno, e reitera que o aumento basicamente se debe á aprobación da nova ordenanza, que vai atender un maior número de usuarios, como dixo, porque subiron o IPREM, como todos ben saben.

Simplemente quería facer esa aclaración, despois as partidas se aproban agora ou se aproban cando se aproban, pero as partidas loxicamente son anuais. Ela non sabe de onde saíu o outro, se foi un malentendido, se o dixeron nalgún momento sen máis, ou se se recolleu mal. Eles agora están gastando diñeiro da partida de emerxencia social dos orzamentos prorrogados, e están con eses orzamentos ata que se aproben os

novos, se se aproban, se non, non o sabe, haberá que dicirlles aos usuarios que non hai diñeiro ou haberá que traer a pleno o asunto. Simplemente como aclaración.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que, tendo intervido todos os grupos, para pechar este debate de orzamentos el soamente quere facer algunhas puntualizacións e aclaracións antes de pasar á votación.

Di que agradece as manifestacións do Sr. Rey e acepta discutir un pacto en materia de emprego, porque parécelle moi importante. Dálle as grazas por tender a man nese sentido en axuda do Goberno e está de acordo en que iso necesita un pacto.

Respecto das multas de tráfico e por non facer máis historia, el cre que aquí en pleno, a petición dun grupo, ata non sabe se foi o PSOE ou quizais o BNG, asustados coas multas que se poñían en Cambre porque ían in crescendo, trouxeron unha relación da xente multada, e resulta que de cada 100 usuarios, 70 eran de concellos limítrofes. Di que o certo é que agora se multa, antes non sabe, ao mellor se sacaban as multas, non quere facer disto nada, pero están de acordo en que todos moitas veces incumpren, e cando se incumpre loxicamente se a Policía os ve e sanciona, teñen que pagar a multa. Pero reitera que a maioría das multas postas pola Policía local son de xente que non está empadroada neste concello, simplemente como aclaración.

Tamén se fixo referencia á Edar de Bens. El quere agradecer, como non, a vontade de todos os grupos de adherirse á Edar de Bens, naturalmente que o agradece, porque aquí parece que o único interesado en facelo era o grupo de goberno, a pesar de que non estivo ben feito por Augas de Galicia no seu momento. El está de acordo co Sr. Rey, o organismo de Augas de Galicia estalles tomando o pelo, pero di que el xa o manifestou e que o fixo onde tiña que facelo, que é ao Sr. conselleiro de Medio Ambiente e Infraestruturas, e pódelles asegurar que se tomarán medidas con Augas de Galicia, no tema de medio ambiente.

Continúa dicindo que hai outras cousas doutros grupos nas que non vai entrar, simplemente está facendo aclaracións, porque cre que a concelleira fixo un bo traballo, e que a única desculpa que lle toca presentar a este Goberno ante os grupos da oposición, pero sobre todo ante os veciños de Cambre, é por ter traído os orzamentos tan tarde, orzamentos que eles pretendían presentar no mes de xaneiro, e el cre que así o manifestou nalgún pleno ou nalgunha comisión, pero iso non foi posible, ben porque non se deron preparado, ben por insuficiencia de persoal, ben por baixas de funcionarios, ben porque ao mellor é unha ineptitude do Goberno. O certo é que non se puideron traer ata hoxe, e hoxe os traen e cren que son uns bos orzamentos para Cambre. El entende que non o considere así a oposición. Ben, pois a votación é a que vai definir eses orzamentos.

Con respecto á Casa da Arrigada, e con iso contéstalle ao Sr. Carballada, non é unha ocorrencia, eles póneno no orzamento, pero di que saben que o proxecto teñen que traelo a pleno, e antes de traelo a pleno terán que discutilo na xunta de voceiros e nas comisións, pero a eles ocorréuselles que a Casa da Arrigada, cando agora mesmo non teñen nin posibilidades de contratar persoal, nin posibilidades de gastar os cartos noutro sitio, é mellor tratar de recuperala.

En canto ao centro de saúde, que o Sr. Rey dixo que non está nin se lle espera, el dille que posiblemente dentro duns días recibirán a boa noticia de que si se espera, recibirán esa noticia e di que non a vai dar el, pero a recibirán. Pero tamén é verdade que o centro de saúde de Cambre necesita ampliarse, e el quere que se amplíe, e supón que todos o queren. Se preguntan como se vai ampliar, pois vaise ampliar co espazo da biblioteca e ademais van aforrar 70000 euros que lles está custando agora mesmo esa biblioteca.

A eles ocorréuselles poñer nos orzamentos a adecuación da Casa da Arrigada para facer aí a biblioteca, e dilles que non se preocupen que o bus á Coruña volverá parar aí. Di que tamén sabe que a Dirección de Mobilidade está sendo bastante lenta en resolvelo, bastante lenta, pero non será porque eles non llo reclamen, iso pode asegurallo.

Conclúe dicindo que, feito o debate dos orzamentos, o que toca é pasar á votación.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e votan en contra os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e o concelleiro presente do BNG.

A Corporación, por once votos en contra, rexeitou a proposta de aprobación dos Orzamentos xerais para o exercicio 2014.

3º Proposta de aprobación do Cadro de persoal

Vista a providencia do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación de data 28 de abril de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda do día 16 de maio de 2014.

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación do día 19 de maio de 2014.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que o cadro de persoal, un pouco como xa explicaron nas comisións informativas, é unha continuación, pendente da revisión que se está a facer de todos os postos de traballo deste concello, pero unha continuación do que teñen dende o ano 1999. Todos os anos se foron facendo modificacións puntuais para corrixir os problemas que veñen ocorrendo, pero xa lles di que pendentes da negociación colectiva que están facendo cos representantes dos traballadores.

A proposta que se fai é basicamente esa, manter o cadro que tiñan ata agora, cun par de retoques que consideran que son necesarios, sobre todo para corrixir situacións de traballadores que agora están, ou poden estar, nunha situación máis ou menos irregular, porque están colocados en postos de traballo que non lles corresponden.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE,

manifesta que, en primeiro lugar, queren denunciar de novo, como acaba de facer o compañeiro de UxC, a falta de transparencia que tiveron con este tema, porque a proposta propiamente dita do concelleiro tenlles chegado esta mañá, e o informe de Intervención tiveron que pedilo en comisións, senón parece ser que non se lles ocorrería enviálo. E non lle estraña que non llelo quixeran enviar, dado que tanto o informe do xefe do servizo correspondente, como o informe de Intervención, son contrarios á proposta que se fai dende a concellería.

Di que comprenden as necesidades e as situacións que o voceiro popular expuxo, pero dende o seu grupo non poden aprobar unha proposta que, segundo sinalan os propios informes dos técnicos, é contraria á lei, á Lei de orzamentos xerais do Estado que o propio Goberno do PP vén de aprobar. Son conscientes desas situacións existentes, fundamentalmente polo que se refire aos casos da creación das prazas de auxiliar de Protección Civil e axente de Protección Civil, que son nas que hai maiores dúbidas. Non entran na cuestión do xefe de negociado, porque é unha cuestión que entenden que entra dentro das competencias de autoorganización e, aínda que coinciden cos informes en que pode ser unha medida bastante equivocada, tamén teñen como Goberno dereito a equivocarse. Pero respecto da creación das dúas prazas que vulneran directamente a Lei de orzamentos xerais do Estado, o grupo socialista non pode votar a prol.

Reitera que comprenden a situación do persoal, pero supoñen que poderán traer algunha outra proposta que cumpra a lei. Por todo isto, o seu grupo vai votar en contra.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que como poden observar nos informes tanto do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior como no da Intervención municipal, o que o equipo de goberno trae a este pleno non é máis que unha declaración de intencións que non se axusta á legalidade na maior parte dos casos. É por falta de coñecementos, por falta de negociación, é por falta de comunicación ou é por falta de traballo. Sen dúbida será unha mestura de todo con moito de desidia.

Pregunta como poden traer a un pleno, unha vez máis, temas tan importantes como os que están tratando, sen telos revisado e asesorado convenientemente. Seguen polo camiño de sós contra o mundo, xa o dixo antes, e iso pareceríalle ben se non estiveran en xogo os postos de traballo dos traballadores deste concello.

No pleno de abril do 2013 aprobouse o proceso de funcionarización de todo o persoal laboral fixo. O Sr. alcalde comprometeuse cos sindicatos a que antes de que acabara o 2013 o tería resolto. Unha vez máis boas palabras, pouco traballo e nulo resultado. Non poden aprobarlles isto que lles presentan, non poden facelo por non ter unha seguridade xurídica que avale o seu voto, polo tanto, o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que está claro que un dos temas pendentes e fundamentais neste concello é este, tanto o cadro de persoal como a RPT necesitan con carácter urxente unha reorganización, aí están todos de acordo. A dita reorganización debe ser necesaria e imprescindiblemente negociada e consensuada, fundamentalmente cos propios

traballadores, e dunha vez por todas ten que elaborarse un organigrama onde o persoal quede correctamente reclasificado en función do desempeño do seu posto de traballo, conseguindo, entre outras cousas, que deixen de existir neste concello agravios comparativos entre traballadores en función da súa categoría profesional, os seus soldos e salarios.

Saben que parte do traballo xa está feito. Por parte dos representantes sindicais saben que se fixo un traballo importante en relación cos cuestionarios de avaliación para determinar a súa clasificación e poder definir as características de cada posto. Saben tamén que a RPT existente a día de hoxe, precisamente por estas negociacións, é unha RPT irregular. Non existe unha diagnose previa da súa motivación, non define uns obxectivos finais claros, carece dun organigrama previo dos medios humanos e técnicos dispoñibles e unha valoración deles.

No ánimo de que canto antes se poida levar a cabo esa reorganización e, manifestando igualmente a súa desconformidade con que existan ese tipo de informes, di que o seu grupo vaise abster na votación do cadro de persoal e da RPT.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que o equipo de goberno pónllelo moi difícil, en parte porque isto vén con informe, tanto de Intervención como xurídico, contrario. Con todo, eles valoran positivamente que o presente documento amose, a intención do Goberno de abordar un tema que sempre é espiñento e delicado e que Cambre vén arrastrando dende hai moitos anos.

Como dicía a compañeira de EU, todo o tema do cadro de persoal e RPT é unha materia pendente que ten este concello e que ten que mudar dunha vez. Por parte do BNG para que sexa nesta lexislatura e non na seguinte o seu apoio non vai faltar. Entenden que en política ás veces hai que ter certa valentía á hora de dar a cara, á hora de expresar o voto e á hora de posicionarse, e eles así o van facer votando positivamente a esta proposta.

Explica que o vai facer porque ten o apoio, ademais, de dúas das centrais sindicais, e outra, que é a maioritaria, aproba a práctica totalidade dos puntos que aquí se traen, agás un, que eles entenden que realmente está mal exposto, pero tamén entenden que pode ser emendado nunha posterior RPT.

Polo tanto, van votar favorablemente con ese ánimo. Tamén queren lanzar a mensaxe dende o BNG de que son unha forza política que cando se fan as cousas, e sabendo aquí que hai unha serie de informes que se ben é certo son técnicos tamén poden ser entendidos como informes, en parte, de parte, pero se as cousas as fan polo ben da xente de Cambre, por axudar a que o concello funcione mellor, pois o seu voto vai ser favorable, toda conta que, ademais, eles veñen tendo unha relación de diálogo sobre todo cunha central sindical que lles veu informando de todo este proceso.

Insiste, ven que non é, nin a mellor, nin a maneira quizais correcta de facer as cousas tal e como deberan, agardan que eses erros, eses vicios e esa certa prepotencia de cara a negociar cos traballadores, co conxunto deles, se dea emendado, porque diso depende o éxito de futuras negociacións e de futuros procesos. Pero insiste, entenden

que se está con este pequeno paso na boa dirección, no camiño de orientar unha negociación que dea solución a un problema que existe, que é real e que afecta non só, como viron recentemente, ao conxunto de traballadores do concello, senón á xestión e ao funcionamento do concello de cara á cidadanía e, na medida do posible, o BNG asume a súa responsabilidade, pon facilidades e vota favorablemente a esta proposta.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que vai manter o voto de abstención das comisións.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre agradécelle ao Sr. Carballada a valentía que amosa coa súa postura neste asunto, e di que lamenta profundamente a postura, non tan valente, das persoas que saben como funciona isto por dentro, porque estiveron dentro, e coñecen de onde veñen e a onde van os informes.

Sobre a legalidade das modificacións que están a facer, simplemente se remite aos informes que houbo o ano pasado, onde se fixeron modificacións nese mesmo sentido e utilizando o mesmo procedemento, e os informes foron favorables. Os motivos polos que este ano os informes non o son tanto van deixalos, para coñecemento da veciñanza e da prensa, en que entran dentro da negociación que están a levar a cabo.

En todo caso, pensa, como tamén expuxo a compañeira de EU, que a gran maioría dos traballadores ven positivamente este proceso que están iniciando, de feito, máis do 70% presentaron as fichas que lles foron remitidas polos representantes sindicais para que puideran facer o traballo que se está facendo. O traballo non é fácil, non vai ser sinxelo, pero farase, e farase en beneficio de todos os traballadores e, ao final, en beneficio de toda a veciñanza, que é o que lles debe importar a todos, a todos os traballadores e a todos os membros da Corporación.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que dixo o Sr. voceiro que sabían como funciona por dentro a casa, e el dille que si, que algúns saben algo de como funciona a casa, e dende logo que hai que cambiar a casa e hai que cambiar cousas, por suposto que si, están de acordo, así o manifestaron sempre.

Di que o manifestaron a principios de lexislatura e persoalmente segue pensando exactamente o mesmo que pensaba a principios de lexislatura, non cambia nin unha coma do que lles dixo. Pero a diferenza é que hai que facelo ben, hai que consensualo, cumprir coa legalidade e chegar a acordos e facelo con moito tempo, porque que non lle digan que non foi por tempo para facer todo isto e facelo en condicións. Que os traballadores o ven ben, claro que o ven ben, como non o van ver ben, pero o verían mellor se os concelleiros do Goberno fixeran ben o seu traballo.

Conclúe dicindo que esa é a diferenza, nada máis.

Sometido o asunto a votación ordinaria votan a prol os sete concelleiros do PP, o concelleiro presente do BNG e o concelleiro de PGD, integrante do GM. Votan en contra os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE e os tres concelleiros de UxC. E abstéñense os dous concelleiros de EU e o concelleiro de PdeC, integrante do GM.

A Corporación, por nove votos a prol, acordou:

Aprobar o cadro de persoal que se achega á providencia do concelleiro delegado da Área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación do 28 de abril de 2014, segundo se transcribe a continuación:

PERSOAL FUNCIONARIOS 2014

Denominación da praza	PRAZAS	GRUPO-SUBGRUPO	Escala	Subescala	Clase
Secretaría xeral	1	A1	Habilitación estatal.	Secretaría	Superior
Interventor	1	A1	Habilitación estatal.	Intervención-Tesourería	Superior
Tesoureiro	1	A1	Habilitación estatal	Intervención-Tesourería	Superior
Técnico	2	A1	Administración xeral	Técnica	
Arquitecto	1	A1	Administración especial	Técnica	Técnicos superiores
Enxeñeiro de camiños, canles e portos	1	A1	Administración especial	Técnica	Técnicos superiores
Bibliotecaria-arquiveira	1	A1	Administración especial	Técnica	Técnicos superiores
Coordinador actividades culturais e educativas	1	A1	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Coordinador de servizos sociais	1	A1	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Técnico de xestión	2	A2	Administración xeral	Xestión	
Aparellador	1	A2	Administración especial	Técnica	Técnicos medios
Enxeñeiro técnico industrial	1	A2	Administración especial	Técnica	Técnicos medios
Enxeñeiro técnico de obras públicas	1	A2	Administración especial	Técnica	Técnicos medios
Graduado social	1	A2	Administración especial	Técnica	Técnicos medios
Técnico de xestión económico-financeira	2	A2	Administración especial	Técnica	Técnicos medios
Educador social	2	A2	Administración especial	Técnica	Técnicos medios
Dinamizador cultural	1	A2	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Administrativo	6	C1	Administración xeral	Administrativo	
Delineante	1	C1	Administración especial	Técnica	Técnicos auxiliares
Encargado de servizos	1	C1	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Encargado de obras	1	C1	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Animador xuvenil	1	C1	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Animador deportivo	2	C1	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Inspector policía local	1	A2	Administración especial	Servizos especiais	Policía Local
Oficial policía local	2	C1	Administración especial	Servizos especiais	Policía Local
Policía local	22	C1	Administración especial	Servizos especiais	Policía Local
Coordinador deportivo	1	C1	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Auxiliar administrativo	26	C2	Administración xeral	Auxiliar	
Auxiliar réxime interior	1	C2	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais

Auxiliar turismo	1	C2	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Axente protección civil	5	C2	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Informador xuvenil	1	C2	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Capataz de brigada de obras	1	Outras agrupacións profesionais	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Conserxes	16	Outras agrupacións profesionais	Administración xeral	Subalterna	
Operario servizos	3	Outras agrupacións profesionais	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais

PERSOAL LABORAL 2014

Denominación da praza	PRAZAS	Titulación categoría profesional	Observacións
Axente de desenvolvemento local	2	Titulado superior	En proceso de funcionarización
Técnico en promoción económica	1	Titulado superior	En proceso de funcionarización
Traballadora social	3	Titulado medio	En proceso de funcionarización
Administrador sistema informático	1	Ciclo superior administración de sistemas informáticos, Formación profesional 2º grao ou equivalente	En proceso de funcionarización
Informático auxiliar	1	Ciclo superior administración de sistemas informáticos, Formación profesional 2º grao ou equivalente	En proceso de funcionarización
Auxiliar biblioteca-arquivo	6	Título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente	En proceso de funcionarización
Auxiliar monitora 3ª idade	1	Título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente	En proceso de funcionarización
Oficial obras	1	Certificado de escolaridade ou equivalente	En proceso de funcionarización
Operario condutor	3	Certificado de escolaridade ou equivalente	En proceso de funcionarización
Operario-servizos	1	Certificado de escolaridade ou equivalente	En proceso de funcionarización
Asistentas domiciliarias	1	Certificado de escolaridade ou equivalente	En proceso de funcionarización

PERSOAL EVENTUAL 2014

Denominación posto de traballo	Número de prazas
Asesor/a	2

RESUMO

Persoal funcionario	113
Persoal laboral	21
Persoal eventual	2

4º Proposta de aprobación da Relación de postos de traballo

Vista a providencia do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación de data 28 de abril de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda do día 16 de maio de 2014.

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación do día 19 de maio de 2014.

Sometido o asunto a votación ordinaria votan a prol os sete concelleiros do PP, o concelleiro presente do BNG e o concelleiro de PGD, integrante do GM. Votan en contra os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE e os tres concelleiros de UxC. E abstéñense os dous concelleiros de EU e o concelleiro de PdeC, integrante do GM.

A Corporación, por nove votos a prol, acordou:

Aprobar a relación de postos de traballo e as fichas individualizadas de cada posto, nas que se fan constar as modificacións recollidas na providencia do concelleiro delegado da Área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación de 28 de abril de 2014, segundo se transcribe a continuación:

Código	Denominación do posto	Dot.	C.D.	C. Especifico	T.P.	F.P.	A.	SUBG	Escala	Subescala	Clase	Pers. Laboral	T.A.	Formación Específica	Observacións
SECRETARIA XERAL															
AL151700001	Secretaría xeral	1	30	22.535,22	S	C		A1	H.E.	Secretario	Superior	NO	L		1 D.D.H.
AL151700015	Técnico de xestión de administración xeral	1	24	10.395,13	N	C		A2	A.X.	Xestión		NO	D		
AL151700015	Técnico de xestión de administración xeral	1	24	10.395,13	N	C		A2	A.X.	Xestión		NO	D		
AL151700016	Xefe negociado (atención SAC)	1	18	10.370,66	N	C		C1/C2	A.X.	Administrativa/auxiliar		NO	B*/G*		D.D.H.
AL151700025	Administrativo	1	22	4.822,42	N	C		C1	A.X.	Administrativa		NO	B*		
AL151700029	Auxiliar administrativo	9	18	4.312,70	N	C	A3	C2	A.X.	Auxiliar		NO	G*		
AL151700034	Conserxe notificador	1	14	4.985,65	N	C		A.P.	A.X.	Subalterno		NO	C		
			15												
INTERVENCIÓN															
AL151700002	Interventor	1	30	22.535,22	S	C		A1	H.E.	Interv./Tesourería	Superior	NO	L		2 D.D.H.
AL151700054	Téc.de xestión orzamentaria gastos e contabilidade	1	24	10.395,13	N	C		A1/A2	A.E.	Técnica	Téc.Medios/S	NO	L/D		3,11
AL151700055	Téc.de xestión orzamentaria de lng.e control F.	1	24	10.395,13	N	C		A1/A2	A.E.	Técnica	Téc.Medios/S	NO	D		3,11
AL151700025	Administrativo	1	22	4.822,42	N	C1		C	A.X.	Administrativa		NO	B*		
AL151700029	Auxiliar administrativo	2	18	4.312,70	N	C2	A3	D	A.X.	Auxiliar		NO	G*		
			6												
TESOURERÍA															
AL151700003	Tesoureiro	1	28	16.640,79	S	C		A1	H.E.	Interv./Tesourería	Superior	NO	L		2
AL151700025	Administrativo	1	22	4.822,42	N	C		C1	A.X.	Administrativa		NO	B*		
			2												
URBANISMO E REXIME INTERIOR															
AL151700004	Xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior	1	30	22.024,50	S	C		A1	A.X.	Técnica		NO	L		3 D.D.H.
AL151700005	Xefe de sección de planeamento e xestión	1	28	16.960,28	S	C		A1	A.E.	Técnica	Tec.Superiores	NO	L		4 D.D.H.
AL151700006	Xefe de sección de servizos	1	28	16.960,28	S	C		A1	A.E.	Técnica	Tec.Superiores	NO	L		5 D.D.H.
AL151700011	Aparellador	1	26	14.731,78	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D		8 D.D.H.
AL151700012	Enxeñeiro técnico Industrial	1	24	10.354,58	S	C	A3	A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D		9 D.D.H.
AL151700058	Enxeñeiro técnico en obras públicas	1	24	10.354,58	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D		22 D.D.H.
AL151700013	Xefe de unidade de réxime interior	1	26	14.731,78	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D		14 D.D.H.
AL151700007	Técnico de administración xeral	1	25	14.663,74	N	C		A1	A.X.	Técnica		NO	L		3
AL151700042	Administrador sistema informático	1	22	5.762,47	N	C		C1	A.E.	Técnica	Auxiliares	SI/NO	FPII		17 D.D.H., Funcionarización
AL151700020	Encargado de obras	1	22	6.144,35	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	B*		
AL151700021	Encargado de servizos	1	22	6.144,35	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	B*		
AL151700022	Delinante	1	22	6.144,35	N	C		C1	A.E.	Técnicos	Auxiliares	NO	FPII		16 D.D.H.
AL151700025	Administrativo	3	22	4.822,42	N	C		C1	A.X.	Administrativa		NO	B*		
AL151700029	Auxiliar administrativo	7	18	4.312,70	N	C	A3	C2	A.X.	Auxiliar		NO	G*		
AL151700030	Auxiliar réxime interior	1	18	4.312,70	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	G*		
AL151700058	Informático auxiliar	1	16	4.929,51	N	C		C1	A.E.	Técnica	Auxiliares	SI/NO	CS		23 Funcionarización
AL151700046	Capataz de brigada de obras	1	14	13.947,44	N	C		A.P.	A.E.	Ser.Especiais	Persoal oficios	NO	C		D.D.H.
AL151700036	Conserxe telefonista	1	14	3.514,39	N	C		A.P.	A.X.	Subalterno		NO	C		
AL151700037	Conserxe	1	14	3.514,39	N	C		A.P.	A.X.	Subalterno		NO	C		

AL151700047	Oficial de obras	1	14	4.117,77	N	C		A.P.	A.E.	Ser.Especiais	Persoal oficios	SI/NO	C		Funcionarización
AL151700048	Operario condutor	2	14	3.644,63	N	C		A.P.	A.E.	Ser.Especiais	Persoal oficios	SI/NO	C	19	Funcionarización
AL151700050	Operario servizos múltiples	3	12	3.488,13	N	C		A.P.	A.E.	Ser.Especiais	Persoal oficios	NO	C		
AL151700050	Operario servizos múltiples	1	12	3.488,13	N	C		A.P.	A.E.	Ser.Especiais	Persoal oficios	SI/NO	C		Funcionarización 1
		34													
	POLICÍA LOCAL														
AL151700019	Inspector policía local	1	22	13.851,24	S	C		A2	A.E.	Serv.Especiais	Policía Local	NO	D.		D.D.H.
AL151700026	Oficial policía local	2	18	13.244,27	S	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Policía Local	NO	B*		D.D.H.
AL151700027	Policía local	21	16	12.763,10	S	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Policía Local	NO	B*		D.D.H.
AL151700062	Policía local 2ª actividade	2	16	12.763,10	S	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Policía Local	NO	B*		D.D.H.
AL151700053	Coordinador de Protección Civil	1	16	12.763,10	S	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Policía Local	NO	B*		D.D.H.
AL151700029	Auxiliar administrativo	1	18	4.312,70	N	C	A3	C2	A.X.	Auxiliar		NO	G*		
AL151700062	Axente protección civil	4	14	6.443,50	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	G*		D.D.H.
AL151700063	Axente protección civil 2ª actividade	1	14	6.443,50	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	G*		D.D.H.
		33													
	SERVIZOS SOCIAIS														
AL151700010	Coordinador servizos sociais	1	26	12.189,52	S	C		A1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	L	7	D.D.H.
AL151700018	Educador social	1	24	6.855,80	N	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D	12	D.D.H.
AL151700018	Educador social	1	24	6.855,80	N	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D	12	D.D.H.
AL151700041	Traballadora social	3	24	5.602,91	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	SI/NO	D	15	Funcionarización
AL151700029	Auxiliar administrativo	2	18	4.312,70	N	C	A3	C2	A.X.	Auxiliar		NO	G*		
AL151700045	Auxiliar monitora da 3ª idade	1	18	3.645,90	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	SI/NO	G*		Funcionarización
		9													
	CULTURA, EDUCACIÓN E DEPORTE														
AL151700008	Coordinador de actividades culturais y educativas	1	26	12.189,52	S	C		A1/A2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	L		D.D.H.
AL151700009	Bibliotecaria arquivista	1	25	15.654,65	S	C		A1/A2	A.E.	Técnica	Superior/Media	NO	L/D	6	D.D.H.
AL151700017	Dinamizador cultural	1	24	6.855,80	N	C		A2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	D.		D.D.H.
AL151700043	Coordinador deportivo	1	22	6.547,10	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	B*	18	D.D.H.
AL151700023	Animador xuvenil	1	22	6.144,35	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	B*		D.D.H.
AL151700024	Animador deportivo	2	22	6.144,35	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	B*		D.D.H.
AL151700029	Auxiliar administrativo	4	18	4.312,70	N	C	A3	C2	A.X.	Auxiliar		NO	G*		
AL151700031	Auxiliar de turismo	1	18	4.312,70	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	G*		D.D.H.
AL151700044	Auxiliar de biblioteca-arquivo	6	18	3.465,90	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	SI/NO	G*		Funcionarización
AL151700057	Informador xuvenil	1	18	4.312,70	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	G*	21	D.D.H.
AL151700033	Conserxe instalacións deportivas	8	14	7.102,81	N	C		A.P.	A.X.	Subalerno		NO	C		J.N.
AL151700035	Conserxe de colexios públicos	2	14	3.514,39	N	C		A.P.	A.X.	Subalerno		NO	C		
AL151700037	Conserxe	2	14	3.514,39	N	C		A.P.	A.X.	Subalerno		NO	C		
AL151700049	Operario parque móbil e inmoables	1	14	3.644,63	N	C		A.P.	A.E.	Serv.Especiais	Persoal oficios	SI/NO	C	19	Funcionarización
AL151700051	Traballadora familiar -2 actividade-	1	12	2.627,52	N	C		A.P.	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	SI/NO	C		Funcionarización-2 actividade
		33													
	EMPREGO														
AL151700038	Responsable axencia de desenvolvemento local	1	26	12.434,97	S	C		A1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	SI/NO	L		D.D.H. Funcionarización
AL151700039	Axente desenvolvemento local	1	25	9.005,54	N	C		A1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	SI/NO	L	3,7,10,11	D.D.H. Funcionarización
AL151700040	Técnico en promoción económica	1	25	9.005,54	N	C		A1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	SI/NO	L	3,10,11	D.D.H. Funcionarización
AL151700029	Auxiliar administrativo	1	18	4.312,70	N	C	A3	C2	A.X.	Auxiliar		NO	G*		
AL151700037	Conserxe	1	14	3.514,39	N	C		AP	A.X.	Subalerno		NO	C		
		5													
	ALCALDÍA														
AL151700061	Asesor/a	1	25	14.663,74	E	I		A1					L		
AL151700061	Asesor/a	1	24	7.096,48	E	I		A2					L/D		
		2													

FICHAS INDIVIDUALIZADAS DE CADA POSTO:

DENOMINACIÓN DO POSTO: SECRETARIA XERAL

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Xefa da Secretaría Xeral do Concello. Responsable do asesoramento legal preceptivo, en contratación administrativa e fe pública. Responsable do Patrimonio municipal e estatística. Servizos públicos de taxis e cemiterios. Dirección e supervisión do persoal adscrito.

NÚMERO DE POSTOS DE TRABALLO HOMOXÉNEOS: 1
Código: AL151700001 – Tipo de posto: S

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DO POSTO:

PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL QUE PODEN OCUPALO:

FUNCIONARIOS:

SUBGRUPO: A1
ESCALA: Habilitación estatal
SUBESCALA: Secretario
CLASE: Superior

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Secretario da categoría.

REQUIRIMENTOS ESPECÍFICOS DO POSTO:

Dispoñibilidade e dedicación para o exercicio das funcións do posto fóra da xornada habitual de traballo.

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIÓNS AO POSTO DE TRABALLO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO (nivel 30):	11.625 euros	(968,75 mes)
COMPLEMENTO ESPECÍFICO:	22.535,22 euros	(1.609,66 mes + 2 pagas)

OBSERVACIÓNS:

DENOMINACIÓN DO POSTO: INTERVENTOR/A

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Xefe da Intervención municipal. Responsable das funcións de control e fiscalización interna da xestión económica-financeira, orzamentaria e de contabilidade. Dirección e supervisión do persoal adscrito.

NÚMERO DE POSTOS DE TRABAJO HOMOXÉNEOS: 1
Código: AL1517000002 – Tipo de posto: S

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DO POSTO:

PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL QUE PODEN OCUPALO:

FUNCIONARIOS:

SUBGRUPO: A1

ESCALA: Habilitación estatal

SUBESCALA: Intervención / Tesourería

CLASE: Superior

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Interventor – Tesoureiro da categoría.

REQUIRIMENTOS ESPECÍFICOS DO POSTO:

Dispoñibilidade e dedicación para o exercicio das funcións do posto fóra da xornada habitual de traballo.

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIÓNS AO POSTO DE TRABAJO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO (nivel 30):	11.625 euros	(968,75 mes)
COMPLEMENTO ESPECÍFICO:	22.535,22 euros	(1.609,66 mes + 2 pagas)

OBSERVACIÓNS:

DENOMINACIÓN DO POSTO: XEFE DA ÁREA DE URBANISMO E RÉXIME INTERIOR

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Dirección e coordinación administrativa das Seccións de Urbanismo, Servizos e Réxime Interior e tramitación de expedientes da área. Dirección e supervisión administrativa dos traballos do persoal adscrito a elas, directamente ou delegando nos xefes de sección. Informes xurídicos da área. Dirección funcional dos procesos administrativos da Policía Local.

NÚMERO DE POSTOS DE TRABALLO HOMOXÉNEOS: 1
Código: AL151700004 – Tipo de posto: S

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DO POSTO:

PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL QUE PODEN OCUPALO:

FUNCIONARIOS:

SUBGRUPO: A1

ESCALA: Administración xeral

SUBESCALA: Técnica

CLASE:

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Título de licenciado en Dereito.

REQUIRIMENTOS ESPECÍFICOS DO POSTO:

Dispoñibilidade e dedicación para o exercicio das funcións do posto fóra da xornada habitual de traballo.

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIÓNS AO POSTO DE TRABALLO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO (nivel 30):

11.625 euros

(968,75 mes)

COMPLEMENTO ESPECÍFICO:

22.024,50 euros

(1.573,18 mes + 2 pagas)

OBSERVACIÓNS:

DENOMINACIÓN DO POSTO: TESOUREIRO/A

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Manexo e custodia de fondos, valores e efectos da entidade local de conformidade co establecido polas disposicións legais vixentes. Recadación tributaria non delegada na Excma. Deputación Provincial. Dirección e supervisión do persoal adscrito.

NÚMERO DE POSTOS DE TRABALLO HOMOXÉNEOS: 1
Código: AL1501700003 – Tipo de posto: S

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DO POSTO:

PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL QUE PODEN OCUPALO:

FUNCIONARIOS:

SUBGRUPO: A1

ESCALA: Habilitación estatal

SUBESCALA: Intervención / Tesourería

CLASE: Superior

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Interventor – Tesoureiro da categoría.

REQUIRIMENTOS ESPECÍFICOS DO POSTO:

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIÓNS AO POSTO DE TRABALLO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO (nivel 28):	9.988,80 euros	(832,40 mes)
COMPLEMENTO ESPECÍFICO:	16.640,79 euros	(1.188,63 mes + 2 pagas)

OBSERVACIÓNS:

DENOMINACIÓN DO POSTO: XEFE DE SECCIÓN DE PLANEAMENTO E XESTIÓN

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Dirixir a Unidade técnica de Urbanismo, dirixindo e supervisando os traballos do persoal adscrito á dita unidade e exercendo as funcións de arquitecto municipal: redacción de documentos de planeamento de iniciativa municipal, informes técnicos sobre os de iniciativa privada e informes técnicos sobre proxectos de obra e valoracións. Control da actualización continua da cartografía municipal. Informes sobre situación urbanística de solo e edificacións. Xestión catastral.

NÚMERO DE POSTOS DE TRABALLO HOMOXÉNEOS: 1
Código: AL151700005 – Tipo de posto: S

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DO POSTO:

PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL QUE PODEN OCUPALO:

FUNCIONARIOS:

SUBGRUPO: A1
ESCALA: Administración especial
SUBESCALA: Técnica
CLASE: Técnicos superiores

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Título de arquitecto.

REQUIRIMENTOS ESPECÍFICOS DO POSTO:

Dispoñibilidade e dedicación para o exercicio das funcións do posto fóra da xornada habitual de traballo.

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIÓNS AO POSTO DE TRABALLO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO (nivel 28):	9.988,80 euros	(832,40 mes)
COMPLEMENTO ESPECÍFICO:	16.960,28 euros	(1.211,45 mes + 2 pagas)

OBSERVACIÓNS:

DENOMINACIÓN DO POSTO: COORDINADOR DE ACTIVIDADES CULTURAIS E EDUCATIVAS

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Dirección das actividades e dependencias da Área de Cultura. Dirección técnica, desenvolvemento de proxectos e orzamentos de programas, execución e coordinación das actividades dos programas en que se concreta a política cultural, educativa e deportiva. Avaliación dos programas.

NÚMERO DE POSTOS DE TRABAJO HOMOXÉNEOS: 1
Código: AL151700008 – Tipo de posto: S

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DO POSTO:

PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL QUE PODEN OCUPALO:

FUNCIONARIOS:

SUBGRUPO: A1/A2

ESCALA: Administración especial

SUBESCALA: Servizos especiais

CLASE: Cometidos especiais

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Título superior/medio que habilite para o exercicio das funcións do posto.

REQUIRIMENTOS ESPECÍFICOS DO POSTO:

Dispoñibilidade e dedicación para o exercicio das funcións do posto fóra da xornada habitual de traballo.

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIÓNS AO POSTO DE TRABAJO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO (nivel 26):

8.378,40 euros (698,20 mes)

COMPLEMENTO ESPECÍFICO:

12.189,52 euros (870,68 mes + 2 pagas)

OBSERVACIÓNS:

DENOMINACIÓN DO POSTO: XEFE DE SECCIÓN DE SERVIZOS

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Dirixir a Unidade técnica de Servizos exercendo as funcións de enxeñeiro superior municipal, dirixindo e supervisando os traballos do persoal adscrito á dita unidade. Responsable do mantemento das infraestruturas urbanísticas de todo tipo e de servizos municipais. Informes técnicos sobre proxectos de urbanización. Elaboración de informes, proxectos e propostas relacionadas coa súa sección. Supervisión dos servizos prestados por empresas para o Concello.

NÚMERO DE POSTOS DE TRABALLO HOMOXÉNEOS: 1
Codigo: AL151700006 – Tipo de posto: S

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DO POSTO:

PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL QUE PODEN OCUPALO:

FUNCIONARIOS:

SUBGRUPO: A1
ESCALA: Administración especial
SUBESCALA: Técnica
CLASE: Técnicos superiores

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Título de enxeñeiro de camiños, canles e portos.

REQUIRIMENTOS ESPECÍFICOS DO POSTO:

Dispoñibilidade e dedicación para o exercicio das funcións do posto fóra da xornada habitual de traballo.

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIÓNS AO POSTO DE TRABALLO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO (nivel 28):	9.988,80 euros	(832,40 mes)
COMPLEMENTO ESPECÍFICO:	16.960,28 euros	(1.211,45 mes + 2 pagas)

OBSERVACIÓNS:

DENOMINACIÓN DO POSTO: COORDINADOR SERVIZOS SOCIAIS

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Dirección e coordinación dos Servizos Sociais. Dinamización deles.

NÚMERO DE POSTOS DE TRABALLO HOMOXÉNEOS: 1
Código: AL151700010 – Tipo de posto: S

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DO POSTO:

PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL QUE PODEN OCUPALO:

FUNCIONARIOS:

SUBGRUPO: A1

ESCALA: Administración especial

SUBESCALA: Servizos especiais

CLASE: Cometidos especiais

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Licenciatura nas especialidades de psicoloxía, socioloxía ou pedagogía.

REQUIRIMENTOS ESPECÍFICOS DO POSTO:

Dispoñibilidade puntual para o exercicio das funcións do posto fóra da xornada habitual de traballo.

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIÓNS AO POSTO DE TRABALLO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO (nivel 26):

8.378,40 euros (698,20 mes)

COMPLEMENTO ESPECÍFICO:

12.189,52 euros (870,68 mes + 2 pagas)

OBSERVACIÓNS:

DENOMINACIÓN DO POSTO: TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Tramitación e instrución de expedientes de disciplina urbanística tanto sancionadores como para a reposición da legalidade. Tramitación de expedientes de ordes de execución. Instrución de expedientes sancionadores por incumprimento de ordenanzas municipais e de calquera norma que sexa de competencia municipal. Funcións de apoio e xestión encomendadas pola xefatura da Área de Urbanismo e Réxime Interior.

NÚMERO DE POSTOS DE TRABALLO HOMOXÉNEOS: 1
Código: AL15170007 – Tipo de posto: N

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DO POSTO:

PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL QUE PODEN OCUPALO:

FUNCIONARIOS:

SUBGRUPO: A1

ESCALA: Administración xeral

SUBESCALA: Técnica

CLASE:

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Título de licenciado en Dereito.

REQUIRIMENTOS ESPECÍFICOS DO POSTO:

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

VALOR EN PUNTOS DO POSTO DE TRABALLO (VPPT):

RETRIBUCIÓN AO POSTO DE TRABALLO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO (nivel 25):	7.433,64 euros	(619,47 mes)
COMPLEMENTO ESPECÍFICO:	14.663,74 euros	(1.047,41 mes + 2 pagas)

OBSERVACIÓNS:

DENOMINACIÓN DO POSTO: BIBLIOTECARIA ARQUIVEIRA

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Definición da estrutura e catalogación dos fondos e xestión da biblioteca municipal. Xestión e mantemento do arquivo do Concello. Dirección e supervisión do persoal adscrito.

NÚMERO DE POSTOS DE TRABAJO HOMOXÉNEOS: 1
Código: AL151700009 – Tipo de posto: S

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DO POSTO:

PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL QUE PODEN OCUPALO:

FUNCIONARIOS:

SUBGRUPO: A1/A2

ESCALA: Administración especial

SUBESCALA: Técnica

CLASE: Superior/media

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Titulación específica dos estudos de biblioteconomía ou similar.

REQUIRIMENTOS ESPECÍFICOS DO POSTO:

Dispoñibilidade puntual para o exercicio das funcións do posto fóra da xornada habitual de traballo.

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIÓNS AO POSTO DE TRABAJO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO (nivel 25):	7.433,64 euros	(619,47 mes)
COMPLEMENTO ESPECÍFICO:	15.654,65 euros	(1.118,19 mes + 2 pagas)

OBSERVACIÓNS:

DENOMINACIÓN DO POSTO: APARELLADOR

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Seguimento das obras que se realizan no municipio. Informes técnicos sobre expedientes de licenza de obra. Traballos e informes técnicos e elaboración de proxectos e propostas para os que habilite a súa titulación.

NÚMERO DE POSTOS DE TRABAJO HOMOXÉNEOS: 1
Código: AL151700011 – Tipo de posto: S

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DO POSTO:

PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL QUE PODEN OCUPALO:

FUNCIONARIOS: A2
SUBGRUPO: Administración especial
ESCALA: Técnica
SUBESCALA: Técnicos medios
CLASE:

FORMACIÓN ESPECÍFICA:
Título de arquitecto técnico.

REQUIRIMENTOS ESPECÍFICOS DO POSTO:
Dispoñibilidade puntual para o exercicio das funcións do posto fóra da xornada habitual de traballo.

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIÓN AO POSTO DE TRABAJO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO (nivel 26):	8.378,40 euros	(698,20 mes)
COMPLEMENTO ESPECÍFICO:	14.731,58 euros	(1.052,27 mes + 2 pagas)

OBSERVACIÓN:

DENOMINACIÓN DO POSTO: ENXEÑEIRO TÉCNICO INDUSTRIAL

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Control do funcionamento das infraestruturas municipais. Realización informes sobre licenzas de actividade, infraestruturas e obras de urbanización. Redacción de proxectos e elaboración de propostas para os que habilite a súa carreira profesional. Control e rexistro de actividades inocuas e clasificadas. Relación coas compañías subministradoras. Medio ambiente e, demais tarefas propias da súa titulación encomendadas pola xefatura da sección.

NÚMERO DE POSTOS DE TRABALLO HOMOXÉNEOS: 1

Código: AL151700012 – Tipo de posto: S

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DO POSTO:

PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL QUE PODEN OCUPALO:

FUNCIONARIOS:

SUBGRUPO: A2

ESCALA: Administración especial

SUBESCALA: Técnica

CLASE: Técnicos medios

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Título de enxeñeiro técnico industrial.

REQUIRIMENTOS ESPECÍFICOS DO POSTO:

Dispoñibilidade puntual para o exercicio das funcións do posto fóra da xornada habitual de traballo.

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso. A3 – Administración do Estado, CCAA e Local

RETRIBUCIÓNS AO POSTO DE TRABALLO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO (nivel 24):

6.995,04 euros (582,92 mes)

COMPLEMENTO ESPECÍFICO:

10.354,58 euros (739,62 mes + 2 pagas)

OBSERVACIÓNS:

DENOMINACIÓN DO POSTO: ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Control do funcionamento das infraestruturas e equipamentos municipais. Informes sobre obra e proxectos de urbanización. Redacción de proxectos técnicos para os que habilita a súa titulación de obras e servizos públicos e elaboración de prescricións técnicas para a contratación de obras, xestión de servizos, subministracións, contratos de consultoría e asistencia e demais actuacións que se precisen nos expedientes de contratación administrativa. Direccións de obra. Supervisión, control e vixilancia da execución das contratas dos servizos prestados por adxudicatarios. Informes en expedientes de responsabilidade patrimonial e demais tarefas propias da súa titulación encomendadas pola xefatura da sección.

NÚMERO DE POSTOS DE TRABALLO HOMOXÉNEOS: 1
Código: AL151700058 – Tipo de posto: S

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DO POSTO:

PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL QUE PODEN OCUPALO:

FUNCIONARIOS:

SUBGRUPO: A2
ESCALA: Administración especial
SUBESCALA: Técnica
CLASE: Técnicos medios

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Enxeñería técnica en obras públicas.

REQUIRIMENTOS ESPECÍFICOS DO POSTO:

Dispoñibilidade puntual para o exercicio das funcións do posto fóra da xornada habitual de traballo.

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIÓNS AO POSTO DE TRABALLO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO (nivel 24): 6.995,04 euros (582,92 mes)
COMPLEMENTO ESPECÍFICO: 10.354,58 euros (739,62 mes + 2 pagas)

OBSERVACIÓNS:

DENOMINACIÓN DO POSTO: XEFE DE UNIDADE DE RÉXIME INTERIOR

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Realización dos procesos administrativos e de xestión relativos ao persoal do concello: administración de persoal, nóminas, seguros sociais, selección de persoal, elaboración de estatísticas e informes varios e apoio ás negociacións de acordos e convenios entre a Corporación e o persoal e representación da Corporación nos ditos procesos por expresa delegación.

NÚMERO DE POSTOS DE TRABALLO HOMOXÉNEOS: 1
Código: AL151700013 – Tipo de posto: S

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DO POSTO:

PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL QUE PODEN OCUPALO:

FUNCIONARIOS:

SUBGRUPO: A2
ESCALA: Administración especial
SUBESCALA: Técnica
CLASE: Técnicos medios

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Título de Graduado social ou diplomado en relacións laborais.

REQUIRIMENTOS ESPECÍFICOS DO POSTO:

Disponibilidade puntual para o exercicio das funcións do posto fóra da xornada habitual de traballo.

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIÓNS AO POSTO DE TRABALLO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO (nivel 26):	8.378,40 euros	(698,20 mes)
COMPLEMENTO ESPECÍFICO:	14.731,78 euros	(1.052,27 mes + 2 pagas)

OBSERVACIÓNS:

DENOMINACIÓN DO POSTO: TÉCNICO DE XESTIÓN ORZAMENTARIA DE GASTOS E CONTABILIDADE

DESCRICIÓN IDENTIFICATIVA: Funcións de apoio cualificado ao interventor en materia contable e orzamentaria. Responsable directo baixo a supervisión do interventor do rexistro contable das operacións económico-financeiras. Elaboración das contas anuais municipais. Colaboración nos estudos e traballos preparatorios do orzamento municipal en materia de gastos. Supervisar a execución do orzamento de gastos. Elaborar informes periódicos de execución orzamentaria. Exercer aquelas funcións que, por delegación do interventor, lle sexan conferidas no ámbito da xestión dos gastos.

NÚMERO DE POSTOS DE TRABALLO HOMOXÉNEOS: 1
Código: AL151170054 – Tipo de posto: N

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DO POSTO:

PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL QUE PODEN OCUPALO:

FUNCIONARIOS:

SUBGRUPO: A1/A2

ESCALA: Administración especial

SUBESCALA: Técnicos

CLASE: Técnicos medios e superiores

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Licenciatura / Diplomatura en Dereito, Ciencias Económicas ou Empresariais

REQUIRIMENTOS ESPECÍFICOS DO POSTO:

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIÓN AO POSTO DE TRABALLO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO (nivel 24):

6.995,04 euros (582,92 mes)

COMPLEMENTO ESPECÍFICO:

10.395,13 euros (742,51 mes + 2 pagas)

OBSERVACIÓNS:

DENOMINACIÓN DO POSTO: TÉCNICO DE XESTIÓN ORZAMENTARIA DE INGRESOS E CONTROL FINANCEIRO

DESCRICIÓN IDENTIFICATIVA: Ordenación dos ingresos municipais e xestión dos tributos non delegados na Deputación da Coruña, así como informes e propostas de resolucións sobre reclamacións e recursos que se interpoñan contra estes actos. Realizar as funcións de inspección destes tributos e elaborar os informes da súa xestión. Elaboración dos informes económico-financeiros para a implantación de novos servizos ou de novas formas de xestión deles. Colaboración nos estudos e traballos preparatorios do orzamento municipal en materia de ingresos. Funcións de apoio cualificado ao interventor no exercicio do control financeiro. Exercer aquelas funcións que, por delegación do interventor, lle sexan conferidas no ámbito dos ingresos.

NÚMERO DE POSTOS DE TRABAJO HOMOXÉNEOS: 1
Código: AL151170055 – Tipo de posto: N

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DO POSTO:

PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL QUE PODEN OCUPALO:

FUNCIONARIOS:

SUBGRUPO: A1/A2

ESCALA: Administración especial

SUBESCALA: Técnica

CLASE: Técnicos medios e superiores

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Licenciatura / Diplomatura en Dereito, Ciencias Económicas ou Empresariais

REQUIRIMENTOS ESPECÍFICOS DO POSTO:

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIÓNS AO POSTO DE TRABAJO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO (nivel 24):

6.995,04 euros (582,92 mes)

COMPLEMENTO ESPECÍFICO:

10.395,13 euros (742,51 mes + 2 pagas)

OBSERVACIÓNS:

DENOMINACIÓN DO POSTO: TÉCNICO DE XESTIÓN DE ADMINISTRACIÓN XERAL

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Responsable de contratación administrativa. Tramitación dos expedientes de contratación administrativa, incluíndo tanto a ordenación como a instrución e o seguimento deles. Relacións coa Intervención municipal e os técnicos responsables nas contratacións administrativas. Mesas de Contratación. Funcións de apoio e xestión encomendadas pola secretaria xeral e aquelas que por delegación desta lle sexan conferidas.

NÚMERO DE POSTOS DE TRABALLO HOMOXÉNEOS: 1

Código: AL151700015 – Tipo de posto: N

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DO POSTO:

PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL QUE PODEN OCUPALO:

FUNCIONARIOS:

SUBGRUPO: A2

ESCALA: Administración xeral

SUBESCALA: Xestión

CLASE:

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Diplomatura universitaria

REQUIRIMENTOS ESPECÍFICOS DO POSTO:

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIÓNS AO POSTO DE TRABALLO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO (nivel 24):

6.995,04 euros (582,92 mes)

COMPLEMENTO ESPECÍFICO:

10.395,13 euros (742,51 mes + 2 pagas)

OBSERVACIÓNS:

DENOMINACIÓN DO POSTO: TÉCNICO DE XESTIÓN DE ADMINISTRACIÓN XERAL

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Patrimonio. Xestión do Inventario de bens. Adquisicións e alleamentos de bens. Responsabilidade patrimonial. Servizos públicos de taxis e cemiterios. Funcións de apoio e xestión encomendadas pola secretaria xeral e aquelas que por delegación desta lle sexan conferidas.

NÚMERO DE POSTOS DE TRABALLO HOMOXÉNEOS: 1
Código: AL151700015 – Tipo de posto: N

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DO POSTO:

PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL QUE PODEN OCUPALO:

FUNCIONARIOS:

SUBGRUPO: A2

ESCALA: Administración xeral

SUBESCALA: Xestión

CLASE:

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Diplomatura universitaria.

REQUIRIMENTOS ESPECÍFICOS DO POSTO:

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIÓNS AO POSTO DE TRABALLO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO (nivel 24):

6.995,04 euros (582,92 mes)

COMPLEMENTO ESPECÍFICO:

10.395,13 euros (742,51 mes + 2 pagas)

OBSERVACIÓNS:

DENOMINACIÓN DO POSTO: EDUCADOR SOCIAL

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Atención de familias e/ou unidades de convivencia. Animación socio cultural. Inserción social.

NÚMERO DE POSTOS DE TRABAJO HOMOXÉNEOS: 1
Código: AL151700018 – Tipo de posto: N

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DO POSTO:

PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL QUE PODEN OCUPALO:

FUNCIONARIOS:

SUBGRUPO: A2

ESCALA: Administración especial

SUBESCALA: Técnica

CLASE: Técnicos medios

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Diplomatura en educación social.

REQUIRIMENTOS ESPECÍFICOS DO POSTO:

Dispoñibilidade puntual para o exercicio das funcións do posto fóra da xornada habitual de traballo.

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIÓNS AO POSTO DE TRABAJO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO (nivel 24):

6.995,04 euros (582,92 mes)

COMPLEMENTO ESPECÍFICO:

6.855,80 euros (489,70 mes + 2 pagas)

OBSERVACIÓNS:

DENOMINACIÓN DO POSTO: EDUCADOR SOCIAL

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Intervención social, cooperación e participación cidadá. Atención de familias e/ou unidades de convivencia. Animación socio cultural. Inserción social.

NÚMERO DE POSTOS DE TRABAJO HOMOXÉNEOS: 1
Código: AL151700018 – Tipo de posto: N

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DO POSTO:

PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL QUE PODEN OCUPALO:

FUNCIONARIOS:

SUBGRUPO: A2

ESCALA: Administración especial

SUBESCALA: Técnica

CLASE: Técnicos medios

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Diplomatura en educación social.

REQUIRIMENTOS ESPECÍFICOS DO POSTO:

